

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación Guitarra

2023-2024



Índice

1.Introdución	4
1.1 Presentación e xustificación para Grao Elemental.....	4
1.1.1 A quen vai dirixida	5
1.1.2 Coñecementos previos.....	5
1.1.3 Relacións cos estudos de réxime xeral	5
1.1.4 Relacións interdisciplinaís	5
1.2 Presentación e xustificación para Grao Profesional	6
1.2.1 A quen vai dirixida	6
1.2.2 Coñecementos previos.....	6
1.2.3 Relacións cos estudos de réxime xeral	7
1.2.4 Relacións interdisciplinares	7
2. Metodoloxía	8
2.1 Principios metodolóxicos e didácticos	8
2.2 Metodoloxía didáctica	9
2.3 Estratexias metodolóxicas	10
2.3.1 Materiais, recursos e espazos necesarios para o seu desenvolvemento	11
2.3.2 Actividades de ensinanza-aprendizaxe que se desenvolverán na aula.....	11
2.3.3 Organización dos tempos e agrupamentos.....	12
2.3.4 Repertorio: criterios para a súa elección	13
3. Atención á diversidade	13
3.1 Nas actividades de clase.....	13
3.2 O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	14
4. Temas transversais	15
4.1 Educación en valores	16
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	16
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	17
6. Secuenciación dos cursos	18
6.1 Curso: 1º GRAO ELEMENTAL.....	18
6.1.1 Obxectivos.....	18
6.1.2 Contidos	19
6.1.3 Avaliación	21
6.1.4 Recursos didácticos	25
6.2 Curso: 2º GRAO ELEMENTAL.....	26
6.2.1 Obxectivos.....	26
6.2.2. Contidos	27



6.2.3 Avaliación	28
6.2.3 Recursos didácticos	33
6.3 Curso: 3º GRAO ELEMENTAL	34
6.3.1 Obxectivos	34
6.3.2 Contidos	35
6.3.3 Avaliación	37
6.3.4 Recursos didácticos	42
6.4 Curso: 4º GRAO ELEMENTAL	42
6.4.1 Obxectivos	42
6.4.2 Contidos	43
6.4.3 Avaliación	45
6.4.3 Recursos didácticos	49
6.5 Curso: 1º GRAO PROFESIONAL	50
6.5.1 Obxectivos	50
6.5.2 Contidos	51
6.5.3 Avaliación	52
6.5.4 Recursos didácticos	57
6.6 Curso: 2º GRAO PROFESIONAL	58
6.6.1 Obxectivos	58
6.6.2 Contidos	59
6.6.3 Avaliación	60
6.6.4 Recursos didácticos	65
6.7 Curso: 3º GRAO PROFESIONAL	66
6.7.1 Obxectivos	66
6.7.2 Contidos	67
6.7.3 Avaliación	68
6.7.4 Recursos didácticos	72
6.8 Curso: 4º GRAO PROFESIONAL	73
6.8.1 Obxectivos	73
6.8.2 Contidos	74
6.8.3 Avaliación	76
6.8.4 Recursos didácticos	79
6.9 Curso: 5º GRAO PROFESIONAL	81
6.9.1 Obxectivos	81
6.9.2 Contidos	81
6.9.3 Avaliación	83
6.9.4 Recursos didácticos	87
6.10 Curso: 6º GRAO PROFESIONAL	88



6.10.1 Obxectivos	88
6.10.2 Contidos	89
6.10.3 Avaliación	90
6.10.4 Recursos didácticos	94
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	95
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	97
ANEXOS	97
CLASES COLECTIVAS.....	97
PROBA DE ACCESO A 1º GRAO PROFESIONAL	98
PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS:.....	101
PROBA DE ACCESO A 2º GRAO ELEMENTAL	101
PROBA DE ACCESO A 3º GRAO ELEMENTAL	103
PROBA DE ACCESO A 4º GRAO ELEMENTAL	105
PROBA DE ACCESO A 2º GRAO PROFESIONAL	107
PROBA DE ACCESO A 3º GRAO PROFESIONAL	109
PROBA DE ACCESO A 4º GRAO PROFESIONAL	111
PROBA DE ACCESO A 5º GRAO PROFESIONAL	113
PROBA DE ACCESO A 6º GRAO PROFESIONAL	115
CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO PROFESIONAL	117
GUITARRA COMO SEGUNDO INSTRUMENTO.....	119

1. Introducción

1.1 Presentación e xustificación para Grao Elemental

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

Ditas características veñen ditadas no posterior Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.



A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

1.1.1 A quen vai dirixida

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferenzas entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

1.1.2 Coñecementos previos

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes.

O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior.

1.1.3 Relacións cos estudos de réxime xeral

Se os alumnos tiveran entrado no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizarían o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica a franxa de idade é variable, porque neste grao poden acceder ata os 14 anos.

1.1.4 Relacións interdisciplinaís

Instrumento	A ensinanza de guitarra é unha das diferentes especialidades instrumentais do currículo e supón un dos eixes vertebradores dos estudos musicais. Está relacionada co resto das materias do grao pois todas elas contribúen á consecución dos obxectivos xerais.
Linguaxe musical	Na materia de linguaxe musical, o alumno aprende a relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, aspectos básicos que integran a práctica instrumental.



E. auditiva e vogal	Esta materia e a especialidade instrumental comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).
---------------------	--

1.2 Presentación e xustificación para Grao Profesional

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

1.2.1 A quen vai dirixida

A presente programación está dirixida a alumnos do grao profesional. Para acceder a este grao non existen límites de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

1.2.2 Coñecementos previos

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos.

Os alumnos que superen o curso pasarán ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

1.2.3 Relacións cos estudos de réxime xeral

A maioría dos alumnos compatibilizan estes estudos con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplo, os alumnos dos primeiros cursos de grao profesional cursan a E.S.O. e os alumnos de 5º e 6º de grao profesional compatibilizan os nosos estudos co bacharelato.

1.2.4 Relacións interdisciplinares

Instrumento	A ensinanza de guitarra é unha das diferentes especialidades instrumentais do currículo e supón un dos eixes vertebradores do currículo. Está relacionada co resto das materias do grao pois todas elas contribúen á consecución dos obxectivos xerais.
Linguaxe musical	Senta as bases da lectura e comprensión das partituras instrumentais, e permite que os alumnos realicen unhas interpretacións de calidade.
Coro/Orquestra	Incorporan aos alumnos en grupos numerosos, e os fan participar dunha sección coa responsabilidade que require. Inciden nun desenvolto técnico propio do traballo en conxunto.
Harmonía	Faculta aos alumnos a recoñecer a importancia da súa voz cando tocan dentro dun conxunto, e os axuda a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.
Análise	Senta as bases que permiten que o alumno entenda e consiga interpretar a música que escoita, le, ou toca desde un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical da época na que a obra foi composta. Nun aspecto ou noutro ten unha relación directa con todas as demais materias dos cursos 5º e 6º.
Historia	Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, así como datos sobre o contexto sociocultural e de cómo este inflúe na estética musical.
Informática	As novas tecnoloxías aplicadas á música darán máis liberdade aos alumnos para que expresen a súa creatividade e para que poidan empregar recursos no seu estudo individual (gravarse, editar partituras, etc....)



Conxunto	Con esta materia os alumnos son responsables co seu traballo individual do resultado do conxunto. Os alumnos deben empregar tódalas ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas.
Repent. e P.C.	Dotarán ós alumnos das ferramentas de apoio que precisan para adquirir unha comprensión global da música.

2. Metodoloxía

A metodoloxía trata sobre como e cando imos ensinar. Primeiramente, fixaremos os principios metodolóxicos e didácticos sobre os que construiremos a nosa metodoloxía didáctica; expoñeremos as nosas estratexias metodolóxicas que incluírán os materiais, recursos e espazos necesarios para a nosa actividade docente; a variedade de actividades que realizaremos na aula co fin de que o alumno acade os obxectivos propostos; e ao final, a organización dos tempos e agrupamentos no noso día a día. Ademais de todo isto, remitímonos aos recursos didácticos propostos por cursos -nos apartados 6.5- desta programación didáctica.

2.1 Principios metodolóxicos e didácticos

O noso traballo docente estará guiado por unha serie de principios de carácter xeral, que máis adiante concretaremos no apartado de metodoloxía didáctica.

Todos os **principios metodolóxicos** plantexados serán **globais e integradores**, e estarán en conexión cos dos estudos de réxime xeral. Estes, estarán en clara coherencia co marco filosófico-pedagóxico do **Construtivismo** tomando como referencia as teorías de Piaget sobre os procesos de cambio e o desenvolvemento evolutivo, a teoría da actividade de Vigotsky e a teoría do aprendizaxe significativo de Ausubel.



Os principios didácticos a considerar na nosa labor docente serán os seguintes:

1. **Principio do ordenamento**: as tarefas e as partes tecno-musicais terán unha secuencia para facilitar a súa asimilación e aprendizaxe. Todos os contidos estarán secuenciados desde o sinxelo ao complexo e o aprendido nunha obra será aplicado e ampliado na seguinte (efecto bola de neve).
2. **Principio de espontaneidade**: promoverase a creatividade do alumno: escoitar-tocar-compoñer. Mediante a creatividade traballarase a práctica na improvisación cos alumnos, sempre adecuándonos ao seu nivel.
3. **Principio de auto-corrección**: os alumnos deber ser capaces de detectar por eles mesmos os problemas técnicos e interpretativos que se presenten no seu desenvolvemento e adquirir a capacidade de resolvelos ao final sen axuda.
4. **Principio de eficiencia**: mínimo esforzo, máximo rendemento.
5. **Principio de memorización comprensiva**: memorizar significa assimilar e interiorizar. Traballaremos a memoria como base para abordar novos aprendizaxes.

2.2 Metodoloxía didáctica

A nosa metodoloxía segue os principios expresados no punto anterior. Isto tradúcese en determinadas actuacións na aula:

1. Nas clases colectivas ofertadas (só en Grao Elemental) será onde máis poderemos incidir no fomento dos hábitos do comportamento democrático e actitudes de relación social. Prestaremos especial atención ao respecto por unhas normas de conducta básicas, favorecendo a participación de todos os alumnos por igual en cada unha das actividades.
2. A través das actividades organizadas polo centro nas que participan a distintos niveis todos os membros da comunidade educativa, conseguiremos fomentar a conexión co entorno sociocultural.
3. Relacionaremos os contidos das diferentes materias, en especial cos de Linguaxe Musical continuamente posto que a práctica musical neste tipo de ensinanzas non pode ser entendida sen un trasfondo musical máis rico que permita seguir a avanzar no aprendizaxe musical..
4. A aprendizaxe por descubrimento será unha das bases da nosa docencia.



5. A actividade, partindo do principio de que as cousas apréndense facéndoas, será o máis importante na presentación de novas técnicas, conceptos ou ideas. Sempre se partirá de coñecementos previos para ir engarzando cos novos. Neste sentido a actividade é a base do aprendizaxe significativo.
6. A través das diferentes probas realizadas aos alumnos, como as avaliacións iniciais, as audicións, o traballo semanal e os puntos de control, podemos estimar ata onde poden chegar as capacidades deste alumno. Con este dato e sabendo o que xa o alumno coñece, podemos estimar cal é a Z.D.P. Deste xeito, chegaremos a desenvolver progresivamente o potencial do alumno, buscando aquelas solucións que non lle fagan caer no desánimo, ben por ser demasiado doadas, non estimulándolle, ou ben por ser demasiado difíciles, desmotivándolle por ver inalcanzables os obxectivos.
7. A aprendizaxe do alumno non consistirá en feitos illados e inconexos. Polo contrario, a súa aprendizaxe versará en contidos factibles que lle servirán para ir construíndo os pilares dun sólido coñecemento.
8. Nas nosas ensinanzas o feito de que a aprendizaxe instrumental teña dúas vertentes, a clase individual e a colectiva en grupos reducidos, preserva o principio de atención á diversidade.
9. Os criterios de avaliación serán compartidos co alumno.
10. A interpretación en público dunha parte do repertorio de memoria, nas audicións programadas desde a materia de Guitarra, será traballada progresivamente no transcurso das clases. Atendendo aos diferentes tipos de memoria: muscular, visual, auditiva, emocional e analítica, o alumno irá interiorizando o discurso musical dun xeito comprensivo, con seguridade e concentración.
- 11.

2.3 Estratexias metodolóxicas

As estratexias metodolóxicas serán a maneira de empregar, aproveitar, aplicar e organizar todo o que esté ao alcance do profesor para levar a cabo a súa tarefa docente con garantías de éxito. A continuación veremos que materiais, recursos e espazos serán necesarios para o desenvolvemento da actividade docente; de igual xeito, as actividades de ensinanza-aprendizaxe que se van a plantexar e desenvolver na aula; e por último a organización dos tempos e agrupamentos (nas clases colectivas).



2.3.1 Materiais, recursos e espazos necesarios para o seu desenvolvemento

Da aula: para a clase individual, compre contar cun aula de dimensións medianas, iluminada, con varias cadeiras, atrás, mesa, espello, banquitos, guitarra, afinador, metrónomo, pizarra, ordenador portátil, diversos murais informativos e pedagóxicos de concertos, cursos, guitarristas, fotografías de máns ou de guitarras. Para a clase colectiva (de ofertarse en Grao Elemental), ademais de necesitar un aula con espazo dabondo para poder ter a man todo o material necesario e todos os materiais anteriormente mencionados, necesitaremos en ocasións un proxector tanto para as exposicións do profesor, como para a reprodución de audicións, concertos ou actividades realizadas polos alumnos. Pódese solicitar a biblioteca para empregar o proxector.

Do centro: ademais das instalacións e servizos, o centro ofrece un servizo de préstamos de partituras, libros, CDs, DVDs e lectura de revistas, para que o alumno, tanto no centro como na súa casa, teña acceso a un maior coñecemento. O equipo de gravación do centro será un material vital para a avaliación das audicións a posteriori, onde os alumnos poderán autoavaliarse e coavaliarse dun xeito máis detallado. Ademais o centro, dentro das súas posibilidades, ofrece aos alumnos pequenas aulas de estudo.

Do alumno: o alumno deberá ter sempre a man e en estado óptimo o seu material de traballo, é dicir, a súa guitarra, cordas de repostado, limas, lapis, goma, caderno de notas (diario de traballo), caderno de partituras, ademais das pezas ou exercicios que se traballen.

Do profesor: ademais de teñer dispoñible a programación para a súa consulta, o profesor contará cun caderno e fichas de clase, nas que levará un control exhaustivo do desenvolvemento dos seus alumnos: asistencia, aportación de materiais dos alumnos, alcance dos obxectivos propostos en cada unidade de traballo, contidos traballados, criterios de avaliación das clases e das audicións. Ademais mediante fichas de titoría, levará un rexistro das sesións levadas a cabo tanto cos alumnos como cos pais, anotando todo o acontecido nesas sesións.

2.3.2 Actividades de ensinanza-aprendizaxe que se desenvolverán na aula

O alumno deberá experimentar por sí mesmo a experiencia musical. Levaranse a cabo distintos tipos de actividades: aquelas encamiñadas a determinar os coñecementos previos



dos alumnos, actividades de introdución, de desenvolvemento, de consolidación e/ou complementarias de ampliación ou reforzo.

2.3.3 Organización dos tempos e agrupamentos

Sobre o tempo: é importante que as estratexias metodolóxicas que vaiamos a empregar sexan claras, definidas e recoñecidas en todo momento polo alumno. Un certo esquema en canto aos pasos a seguir nas clases, serán beneficiosos tanto para o profesor como para o alumno. O alumno saberá a priori qué se espera del, e o profesor, tendo unha idea previa de qué é o que imos traballar en clase evitará improvisacións de última hora. É obvio que todas as clases non poden ser igualmente organizadas, xa que dependerá do momento no que nos atopemos (ao principio do trimestre, en medio ou ao final –repaso–), porque feitos como a preparación dunha audición, a realización dunha proba de diagnóstico ou sucesos tan impredecibles como que ao alumno teña unha unha rota, unha lesión ou que non haxa levado o material a clase, fará que nos replantexemos o noso guión de clase sen perder nunca o noso horizonte formativo. De calquera xeito, por regra xeral, se seguirá o vindeiro esquema de organización temporal.

Nas clases individuais. Unha clase semanal dunha hora de duración. A súa distribución será obviamente aproximada. Se establecerá polo xeral unha rutina de traballo que consistirá en:

- Limado e pulido previo das uñas, así como posta a punto do instrumento e do material: partituras ou fichas tanto de repertorio como de exercicios técnicos, caderno, lapis e goma (5').
- Realización dos exercicios técnicos oportunos como quentamento (5').
- Posteriormente, veremos a tarefa encomendada na sesión previa, co fin de comprobar se as indicacións apuntadas foron traballadas e asimiladas (25').
- Despois, leremos repertorio novo, propondremos algún exercicio novo ou escoitaremos algunha audición sobre o repertorio a traballar en función das necesidades observadas (15'-20').

Nas clases colectivas (as ofertadas en Grao Elemental). Unha clase semanal dunha hora de duración. A súa distribución será obviamente aproximada. A rutina de traballo será a seguinte:

- Dedicaremos, igualmente, un tempo prudencial para a colocación dos alumnos, afinación dos instrumentos e posta a punto das uñas e materiais (5'-7').
- Escoita concentrada, atenta e guiada da peza a interpretar ou algunha do mesmo periodo a traballar (5').



- Se dedicará un tempo a cuestións teóricas, técnicas ou referentes a temas audiovisuais (25').
- Para rematar, dedicaremos a atención á música en conxunto, formando diversas agrupacións (25').

Ao remate das clases, sempre deberá apuntarse no caderno do alumno, de forma clara e explícita a tarefa a realizar na casa, a planificación do estudo semanal e aqueles temas nos que haxa que prestar máis atención, ou suxestións para completar a súa formación.

Sobre os agrupamentos.

Á hora de fixar un horario para as clases colectivas, o conservatorio terá en conta os horarios escolares dos alumnos. No suposto de que houbera algún problema de adaptación, podería plantexarse un reagrupamento, na medida do posible, pero sempre apoiado por criterios pedagóxicos que beneficien ao alumno.

Á marxe disto, os alumnos dun mesmo curso de Guitarra soen acudir todos xuntos á clase colectiva independentemente da idade, nivel cognitivo ou de motivación, polo que á hora de establecer agrupamentos para a elaboración de actividades procuraremos que entre os compañeiros se compensen, e así, se hai un alumno que vaia máis rezagado, lle poñeremos xunto a un que vaia máis adiantado, ou un alumno que fale moito lle poñeremos xunto a outro que non lle seguira na súa actitude. En resumo, buscarase a integración de todos os alumnos evitando en todo momento unha posible disgregación por causas debidas á diversidade de cada alumno.

2.3.4 Repertorio: criterios para a súa elección

O criterio máis importante que establecemos para a elección do repertorio será o da flexibilidade. Non se debería pensar o mesmo repertorio a traballar para todos os alumnos dun mesmo curso nin no mesmo momento, polo que debe ser un repertorio que se adapte ao alumno e non ao revés. Hai un listado con repertorio orientativo en cada un dos cursos.

3. Atención á diversidade

3.1 Nas actividades de clase

O obxectivo da educación musical nos conservatorios é ofrecer unha ensinanza na que calquer cidadán poda acceder segundo a igualdade de oportunidades que caracteriza o ensino en España. A diversidade é un feito humano polo que o ensino debe poder ofrecer a cada



alumno/a a diversificación metodolóxica que necesite e ofertando respostas diferenciadas segundo a diversidade dos receptores (atención específica).

Os ámbitos nos que se manifesta a diversidade son moitos: diferente desenvolvemento, idade, capacidade de aprender, motivación, coñecementos previos o intereses. O currículo contempla que sexan os profesores os que concreten as intencións educativas, o que garantirá eficacia e calidade. A atención á diversidade comezará pola observación das actividades cotiás programadas, para obter información sobre a maneira no que se manifesta o alumno e establecer as súas aptitudes e/ou carenzas e actuar en consecuencia. Deste xeito se poderán prever dificultades e/ou dar o reforzo e apoio educativos que sexan necesarios durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Algunhas destas actuacións que se contemplan nesta programación son:

- a) actividades de ensinanza e aprendizaxe de diferente tipo e con diferentes graos de dificultade, tanto de reforzo coma de ampliación.
- b) Selección do material didáctico e adaptación da comunicación co alumnado.
- c) Nas clase colectivas: diferente agrupamento do alumnado e tarefas de diferente dificultade.
- d) Adaptacións metodolóxicas.
- e) Organización flexible do traballo ante ritmos diferentes de aprendizaxe.

Deste xeito o profesor manterá unha mentalidade aberta e intentará amoldarse á diversidade coa que se poda atopar.

3.2 O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade o adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela. A Consellería adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados no Decreto.

4. Temas transversais

A inclusión de temas transversais nos diferentes sistemas educativos responde á necesidade de levar ó terreo educativo toda unha serie de medidas xurdidas a partir dunha serie de preocupacións comúns ante os efectos negativos do desenvolvemento tecnolóxico e cultural nas sociedades máis avanzadas, que teñen que ver ca saúde, o medio ambiente, os conflitos armados, o racismo, a discriminación, etc. e que atinxen non só ao desenvolvemento de cada unha delas, senón tamén ao da totalidade da humanidade.

Deste xeito, a interpretación musical, no noso caso, é a meta e, como tal, implica o desenrolo da personalidade e a sensibilidade, xa que a música é un vehículo de emocións.

A audición, repetición de exercicios, visualización de DVD's... dará lugar a un diálogo - debate entre profesor e alumnos, co cal poderemos potenciar o respecto, a crítica (á vez ca autocrítica)...

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

Nas clases deberá existir un clima de distensión e relaxación, para favorecer as verdadeiras características do alumno. É importante, a súa vez, que exista unha interrelación entre os diferentes alumnos; toda esta relación repercutirá posteriormente nunha mellor interpretación en conxunto, existindo unha maior complicidade entre eles.

Os temas transversais aplicados na materia adecuaríanse do seguinte xeito:

Educación para a Convivencia	– Fomentar o diálogo como xeito de solución de diferenzas, por medio de intervencións dos alumnos en aspectos de dixitación, interpretación...
Educación para a Saúde	– Coidar os hábitos de saúde postural na aula, así como os de relaxación, respiración.
Educación para a Paz	– Analizar obras cun fin de integración entre pobos, fomento da paz, tolerancia e convivencia entre pobos. – Apreciar e valorar a diversidade cultural, estética, musical... dos diferentes lugares do mundo como mostra de convivencia entre pobos programando

	obras de autores de diferentes nacionalidades.
Educación para a igualdade entre sexos	<ul style="list-style-type: none"> – Analizar na historia da Música, o traballo de compositoras, valorar especialmente a súa obra e recoñecer situacións de discriminación por razón de sexo en relación cos compositores das mesmas épocas. – Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.
Educación ambiental	<ul style="list-style-type: none"> - Deducir a influencia do Universo, natureza... en todos os seus sentidos, nos compositores á hora de compoñer obras. - Valorar a importancia dun consumo responsable do material e enerxías para protexer a natureza.
Educación para Europa	<ul style="list-style-type: none"> – Analizar a evolución da música para guitarra feita en Europa. – Valorar a legado europeo no pensamento, na cultura e na música.
Educación multicultural	<ul style="list-style-type: none"> – Espertar o interese pola cultura que os diferentes países e os seus pobos desenvolveron, legaron e evolucionaron, subliñando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos.

4.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiren coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio ou libros especializados, etc. A biblioteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a empregar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na



aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda a literatura musical, procurando que os alumnos teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia.

As actividades extraescolares son as que se realizan fora do centro e do horario lectivo que lle corresponde o alumnado. Estas actividades teñen por finalidade contrastar experiencias, ampliar coñecementos, desenvolver capacidades, etc. As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro ou polo departamento a través do centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, taller de coro, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, intercambios entre centros, colaboracións con escolas de arte dramático ou danza, etc.. Os alumnos e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e mellorar a súa educación, resaltaránse, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

As actividades complementarias son organizadas dentro do horario do lectivo. As actividades complementarias que se prevén realizar:

- Participación do alumnado da especialidade nas audicións organizadas polo centro e polo departamento.
- Audicións de aula por trimestre para todo o alumnado da especialidade, que consiste na interpretación do repertorio estudado en cada un dos trimestres diante do profesorado de guitarra.

Ademais poderase realizar a asistencia como público a concertos ou audicións organizadas polo centro que o profesorado considere oportunas.



6. Secuenciación dos cursos

Todos os obxectivos e contidos para as ensinanzas elementais e profesionais de Guitarra concretados nesta programación están en consonancia cos obxectivos e contidos xerais enunciados no Decretos 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental das ensinanzas de réxime especial de música e no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das Ensinanzas Profesionais de réxime especial de música.

6.1 Curso: 1º GRAO ELEMENTAL

6.1.1 Obxectivos

As ensinanzas impartidas na materia de guitarra, no curso primeiro, terán como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adquirir unha posición do corpo e dos brazos, mans e dedos en relación coa guitarra para acadar a estabilidade do mesmo e a relaxación corporal axeitada que favoreza unha interpretación fluída e natural.
- Adquirir un hábito axeitado de traballo que optimice a calidade do estudo e favoreza unha autonomía gradualmente maior.
- Desenvolver a habilidade da cada man e a sincronización dambas as dúas.
- Desenvolver a pulsación alterna dos dedos da man dereita.
- Coñecer e valorar a pulsación co conxunto xema-uña.
- Interiorizar a distancia entre os dedos da man esquerda, tanto de lonxitude como transversalmente.
- Familiarizarse coas distintas indicacións da partitura.
- Iniciar a comprensión das estruturas formais nos seus distintos niveis (motivos, frases, períodos, etc...).
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como factor fundamental para a obtención da calidade sonora.
- Coñecer a aplicación dos elementos básicos de dinámica e a agóxica.
- Abordar a actividade musical, con crecente creatividade, dentro das esixencias do nivel.



- Interpretar un repertorio básico de pezas diversas, na medida que o nivel técnico e musical esixido o permita.
- Entrenar progresiva e permanentemente a memoria como medio de maior liberdade de expresión musical.
- Exercitar a práctica musical en grupo e o hábito de escoitar outras voces e instrumentos e de adaptarse armónicamente no seu conxunto.
- Ler a primeira vista, como recurso para ter acceso a un repertorio máis amplo.
- Interpretar un repertorio “camerístico” básico de pezas diversas, segundo coas esixencias do nivel técnico e musical, adaptándose ás necesidades do contexto.
- Aprender e assimilar un axeitado comportamento tanto como intérprete como en calidade de público.
- Iniciar á afinación do instrumento.
- Iniciar ó alumno no coidado e mantemento do seu instrumento.

6.1.2 Contidos

- Colocación postural axeitada do corpo respecto ao instrumento e control da tensión en mans e ombros.
- Adquisición de hábitos de estudo axeitados.
- Coñecemento de símbolos básicos de dixitación: cordas e dedos dambas as dúas mans
- Acción dos dedos dambas as dúas mans.
- Pulsación (“enganchada”) alterna e simultánea dos dedos: índice e medio, pulgar-índice e pulgar-medio da man dereita.
- Pulsación alterna dos dedos pulgar e o conxunto índice-medio da man dereita.
- Acordes de tres notas con p-i-m.
- Coñecemento das posturas estándar da man esquerda de acordes e arpexos sinxelos: Mi M, Mi m, La M, La m, Re M, Re m.
- Iniciación aos arpexos de tres e catro notas cos dedos p-i-m-a.
- Axeitado pisado dos dedos da man esquerda en posicións I e iniciación en II.
- Coordinación progresiva entre ambas as dúas mans.
- Recoñecemento das notas sobre o pentagrama e o diapasón en posición I e iniciación en II.



- Recoñecemento das notas naturais e alteradas en posición I e iniciación á II.
- Escalas de Do M, Sol M, Fa M e La m armónica (unha oitava).
- Relación do movemento dos dedos con calidade sonora.
- Diferenciación dos planos sonoros.
- Timbres: *ponticello* e *sul tasto*.
- Fraseo.
- Execución de Legato.
- Práctica de dinámica: p, f e reguladores.
- Práctica de agónica: ritardando.
- Tempo: lento, andante, allegro.
- Iniciación ao análise musical: frases, periodos, D.C., repeticións, cadencia V-I.
- Iniciación á lectura a primeira vista.
- Iniciación á memorización.
- Interpretación dun repertorio guitarrístico axeitado ás dificultades do curso.
- Técnicas básicas na interpretación grupal: entradas e saídas simultáneas, mantemento do pulso e adaptación ao conxunto. Fomento do traballo en grupo.
- Posta en escena nas interpretacións en público.
- Mantemento e coidado básico do instrumento.
- Normas de convivencia e comportamento nas clases.
- Formas básicas de afinación do instrumento.
- Normas elementais do coidado do instrumento.
- Normas elementais do coidado das uñas.

Traballarase unha selección de pezas escollidas dentro do nivel do curso (pódese consultar un repertorio orientativo no apartado “6.1.5 recursos didácticos”).

A continuación, unha posible secuenciación:

1º. Trimestre	2º. Trimestre	3º. Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> ● Melodías en todas as cordas con notas naturais e alteradas e con alternancia dos 	<ul style="list-style-type: none"> ● Melodías combinando cordas. ● Notas simultáneas en cordas adxacentes e non 	<ul style="list-style-type: none"> ● Arpexios. ● Acordes.



dedos, p , i e m.	adyacentes, <ul style="list-style-type: none"> • Alternancia de <i>p</i> e <i>i</i>, con melodías en baixos. 	
-------------------	--	--

6.1.3 Avaliación

A finalidade da avaliación é a de valorar o nivel de desenvolvemento das capacidades de expresión artística e musical, ademais de garantir a axeitada cualificación destas ensinanzas, polo que valoraremos o “desenvolvemento das capacidades” tendo en conta todos os factores que caractericen ao alumno e garantir así a axeitada cualificación.

Haberá unha avaliación inicial, a coincidir ca/s primeira/s clases, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe e unha avaliación final en xuño na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

O nivel de cumprimento destes elementos curriculares non se medirá de xeito mecánico, senón, flexible, tendo moi en conta as características persoais do alumno como a idade, estudos, aspiracións, aptitudes ou situación persoal. A información que suministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica polo que debe levarse a cabo de xeito continuo e personalizado, aportándolles información ao alumno e á súa familia, sobre o desenvolvemento respecto das súas posibilidades. É aquí onde o Plan de Atención á Diversidade toma un papel moi destacado, xa que deberemos actuar tanto cando o progreso non sexa o axeitado, -adoptando as medidas oportunas dirixidas a garantir a adquisición de aprendizaxes imprescindibles para favorecer a consecución dos obxectivos de cada curso-, como cando o progreso sexa superior ao esperado, tomando medidas para que o alumno continúe ampliando coñecementos e non se desmotive o que supón non evolucionar.

A avaliación do aprendizaxe do alumno, que será continua e integradora, será realizada polo equipo docente do alumno coordinado polo profesor-titor. Ditos profesores actuarán de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación para tomar decisións que deberán ser coñecidas tanto polo alumno como pola súa familia.

6.1.3.1 Criterios de avaliación

Ademais dos criterios de avaliación enunciados nos correspondentes decretos arriba citados polos que se establece o currículo das Ensinanzas Elementais e Profesionais de Música, se terán en conta os seguintes criterios:



1. Valoraranse os hábitos de estudo axeitados.
2. Será imprescindible a interpretación do repertorio completo proposto para cada nivel (consúltase o apartado “6.1.3.2 Mínimos esixibles”).
3. O alumno deberá amosar unha técnica acorde co nivel correspondente, tendo en conta os seguintes parámetros:
 - a. Posición correcta fronte ao instrumento (inclúe o axeitado emprego do banquito ou alizador).
 - b. Coñecemento das notas sobre o diapasón.
 - c. Lectura a primeira vista.
 - d. Axeitada acción dos dedos dambas mans sobre o instrumento.
 - e. Ausencia de tensións. Control da relaxación e da respiración.
 - f. Fluidez e velocidade axeitadas.
 - g. Control da calidade do son co conxunto xema-uña.
 - h. Control dos diferentes planos sonoros.
 - i. Control dos elementos métricos e do pulso na interpretación.
 - j. Coñecemento das formas musicais traballadas.
4. A interpretación das pezas propostas deberá ser estilísticamente axeitada.
5. O alumno amosará sensibilidade expresiva e musical, atendendo á:
 - a. Afinación.
 - b. Fraseo.
 - c. Expresión.
 - d. Dinámica e Agónica.
 - e. Outros recursos musicais.
6. Valorarase a autonomía acadada polo alumno ao longo do curso.
7. Será obrigatoria a interpretación de memoria de, alomenos, unha peza en cada trimestre. Na interpretación de memoria valorarase tanto a axeitada interpretación do texto, como a axilidade para solventar os problemas ante calquera error ou esquecemento.
8. Valorarase a asistencia á clase colectiva de ofertarse ésta.



6.1.3.2 Mínimos esixibles

Para poder ter superado o primeiro curso de guitarra ca mínima cualificación posible será necesario ter acadado os seguintes contidos do curso:

1. Colocación postural axeitada respecto ao instrumento e control da tensión en mans e ombros.
2. Adquisición de hábitos de estudo axeitados.
3. Recoñecemento de símbolos básicos de dixitación: cordas e dedos dambas as dúas mans.
4. Acción axeitada dos dedos dambas as dúas mans.
5. Pulsación alterna e simultánea dos dedos: *índice e medio* da man dereita.
6. Pulsación alterna dos dedos *pulgar* e o conxunto *índice-medio* da man dereita.
7. Arpexios de tres notas cos dedos *p-i-m*.
8. Coordinación progresiva entre ambas as dúas mans.
9. Coñecemento da relación do movemento dos dedos e coidado das uñas coa calidade sonora.
10. Recoñecemento das notas sobre o pentagrama e o diapason en primeira posición.
11. Interpretación axeitada ao fraseo.
12. Execución do *legato*.
13. Lectura a primeira vista con fluidez de melodías sinxelas en primeira posición.
14. Interpretación dun repertorio de 8 pezas axeitado ás dificultades do curso.
15. Técnicas básicas na interpretación grupal: entradas e saídas simultáneas, mantemento do pulso e adaptación ao conxunto.
16. Respecto ás normas de convivencia e comportamento no centro.

6.1.3.3 Criterios de cualificación

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o Grao Elemental serán os seguintes:

Criterios técnicos	50%
Criterios estéticos	50%

As clases colectivas non son de obrigada asistencia mais poderá ter un reflexo positivo na nota daqueles alumnos/as que asistan a elas.



Os resultados da avaliación dos alumnos de Grao Elemental, se representarán con cualificacións en termos de 1 a 10 considerándose cualificación positiva 5 o máis de 5.

6.1.3.3.1 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estea de acordo.

Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

6.1.3.3.2 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Proba obxectiva de avaliación fin de curso:

O alumno terá que presentar un repertorio de oito pezas para a súa interpretación dun nivel similar ó indicado na programación, e polo menos unha delas deberá ter un nivel de dificultade equivalente ás do apartado 2º da programación. O profesor poderá facer unha selección das mesmas.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%
- Criterios estéticos: 50%

Recuperación durante o curso:

Ao tratarse dunha avaliación continua as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo desde xeito a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/unha alumno/a teña pendente a materia de guitarra, deberá recuperala durante o curso, pero non se comenzarán cos novos obxectivos ata que non se acaden os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen a materia ao final do terceiro trimestre poderán facelo mediante a realización dunha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño e que se levará a cabo

no lugar e nas datas determinadas polo centro para tal efecto. Ditas datas e lugares serán publicadas no taboleiro de anuncios do conservatorio.

Os contidos de dita proba extraordinaria serán notificados ao alumno no seu correspondente informe negativo de avaliación xunto co boletín de notas ou enviado por Centro-Net.

En calquera caso o alumno deberá amosar haber superado os elementos curriculares mínimo esixidos para o curso no que se presenta.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50%.

6.1.4 Recursos didácticos

A aula debe estar dotada de espello, cadeiras (sen pala), atrás, repousapés, mesa, armario, perchas e papeleira. O centro dispón de equipo de son polo que o profesor que o necesite pode solicitalo.

Repertorio orientativo:

- APARTADO 1º

MARIA LINNEMANN: Piezas sencillas (Ricordi)

ANTONIO MURO: "Basic pieces" vol.1(Chanterelle)

TOMÁS CAMACHO: "Escuela de la guitarra" libro 1º (Real Musical)

RUGGERO CHIESA: "Método" (Subini-Zerboni)

LUISA SANZ, "La guitarra paso a paso" (Real Musical):

- Parte práctica: completa
- Música popular: nº 1 al 18
- Música clásica: nº 41 al 46

- APARTADO 2º

D. AGUADO "Método de guitarra", 1ª parte nº 1 al 3 (U.M.E.)

F. CARULLI: "Studi per chitarra" nº 1 a 6 (Suvini-Zerboni)

F. SOR: "12 Estudios op. 60", nº 1, 3 y 4 (Boileau)

L BROUWER: "Estudios sencillos", 1ª serie, (Max Eschig)

M GIULIANI: "La Mariposa" Op. 30, nº 1 a 3 (U.M.E.)



6.2 Curso: 2º GRAO ELEMENTAL

6.2.1 Obxectivos

As ensinanzas impartidas na materia de guitarra, no curso segundo, terán como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Adoptar unha posición do corpo e dos brazos e mans en relación coa Guitarra que favoreza unha interpretación fluída e natural.
2. Adquirir uns hábitos de estudo correctos e axeitados.
3. Desenvolver a sensibilidade auditiva como factor fundamental para a obtención da calidade sonora e da limpeza na execución.
4. Traballar a pulsación e o coidado das uñas en favor da obtención dunha calidade sonora crecente.
5. Conseguir o equilibrio sonoro no paso da corda.
6. Percibir e automatizar as funcións motrices que interveñen na execución dos acordes, escalas, medias cellas, ligados e arpexos en distintas fórmulas.
7. Desenvolver a habilidade da cada man e a sincronización entre ambas as dúas, co fin de poder encadear as distintas frases musicais con fluidez e facilidade.
8. Aplicar os principios xerais da dixitación guitarrística.
9. Coñecer as escalas e acordes en relación coas tonalidades de máis frecuente aparición no repertorio a interpretar, como vía de mellora técnica e musical.
10. Saber afinar o instrumento por equísonos.
11. Empregar a dinámica, a agóxica e a tímbrica como recursos musicais.
12. Empregar os recursos básicos de articulación como elementos enriquecedores da expresión musical.
13. Ler a primeira vista, como recursos para facilitar un estudo máis efectivo.
14. Distinguir nun contexto musical distintos planos sonoros simultáneos.
15. Comprender as estruturas formais nos seus distintos niveis (motivos, frases, períodos, etc.).
16. Iniciarse na comprensión dos aspectos elementais da polifonía.
17. Coñecer aspectos básicos da historia do instrumento e o seu repertorio.
18. Interpretar un repertorio básico integrado por pezas de diferentes épocas e estilos, na medida que o nivel técnico e musical esixido permítalo.
19. Interpretar de memoria pezas do repertorio proposto para o curso.



20. Abordar a actividade musical, con crecente creatividade, dentro das esixencias do nivel.
21. Asimilar unhas normas de comportamento básico que faciliten o traballo tanto na clase individual como na colectiva e a interacción co profesor e o resto de compañeiros.

6.2.2. Contidos

1. Afianzamento e desenvolvemento dos contidos do curso anterior.
2. Consolidación dos hábitos de estudo.
3. Ausencia de tensión no tronco e extremidades superiores durante a interpretación.
4. Iniciación ao son de calidade co ataque “tirando” e o conxunto xema-uña.
5. Colocación e pisado dos dedos 1, 2, 3 e 4 da man esquerda.
6. Apagadores co pulgar da man dereita en baixos ao aire.
7. Perfeccionamento da pulsación conxunta de 2, 3 e 4 cordas.
8. Alternancia de acordes de tres notas e baixos pisados e ao aire.
9. Perfeccionamento da pulsación co anular da man dereita.
10. Arpexos simples e compostos con p, i, m e a nos seus diferentes combinacións, con ou sen simultaneidade de sons.
11. Extensións e contraccións máis habituais.
12. Melodías acompañadas por baixos.
13. Práctica de ligados simples ascendentes e descendentes.
14. Sincronización dambas as dúas mans en movementos transversais e lonxitudinais.
15. A media cella.
16. Consolidación e ampliación de coñecementos referidos á dixitación dambas mans.
17. Coñecemento das posturas estándar de man esquerda de acordes sinxelos (Do M, Re M, Sol M e Si 7^a).
18. Escalas diatónicas: Do M (2 oitavas), Sol M (2 oitavas), Re M (1 oitava), La m (2 oitavas), La M (2 oitavas).
19. Coñecemento e práctica da posición II.
20. Iniciación á afinación: teórica e práctica.
21. Coñecemento e práctica de dinámica: pp, mp, mf, ff, cresc. e decresc.
22. Coñecemento e práctica da articulación, acentos e execución de Legato.
23. Coñecemento dos seguintes recursos tímbricos: “Ponticello” e “sul tasto”.
24. Práctica do fraseo.



25. Lectura a primeira vista, que inclúa algún destes aspectos: melodías simples, melodías de dúas notas simultáneas, melodías con acompañamento simple e arpejos simples.
26. Iniciación no tratamento de planos sonoros en contextos de melodía acompañada, polifónicos, de arpejos e de acordes
27. Consolidación da práctica do análise formal a través de formas binarias e ternarias.
28. Iniciación ao estudo da historia do instrumento.
29. Práctica básica da memoria.
30. Interpretación dun repertorio guitarrístico axeitado ás dificultades do curso.
31. Técnicas básicas na interpretación grupal: entradas e saídas simultáneas, mantemento do pulso e adaptación ao conxunto.
32. Normas de convivencia e comportamento nas clases.

Traballarase unha selección de pezas escollidas dentro do nivel do curso que inclúan catro obras de diferentes épocas e catro estudos (pódese consultar un repertorio orientativo no apartado “6.2.5 recursos didácticos”).

En cada trimestre se esixirá que alomenos unha das pezas do repertorio proposto sexa interpretada de memoria. O feito de que as pezas estean temporalizadas non significa que se deban esquecer unha vez rematado o trimestre, senón que deberán manterse e mellorarse ata o fin do curso.

A continuación, unha posible secuenciación:

1º. Trimestre	2º. Trimestre	3º. Trimestre
3 estudos ou obras	3 estudos ou obras	2 estudos ou obras

6.2.3 Avaliación

A finalidade da avaliación é a de valorar o nivel de desenvolvemento das capacidades de expresión artística e musical, ademais de garantir a axeitada cualificación destas ensinanzas, polo que valoraremos o “desenvolvemento das capacidades” tendo en conta todos os factores que caractericen ao alumno e garantir así a axeitada cualificación.



Haberá unha avaliación inicial, a coincidir ca/s primeira/s clases, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe e unha avaliación final en xuño na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

O nivel de cumprimento destes elementos curriculares non se medirá de xeito mecánico, senón, flexible, tendo moi en conta as características persoais do alumno como a idade, estudos, aspiracións, aptitudes ou situación persoal. A información que suministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica polo que debe levarse a cabo de xeito continuo e personalizado, aportándolles información ao alumno e a súa familia, sobre o desenvolvemento respecto das súas posibilidades. É aquí onde o Plan de Atención á Diversidade toma un papel moi destacado, xa que deberemos actuar tanto cando o progreso non sexa o axeitado, -adoptando as medidas oportunas dirixidas a garantir a adquisición de aprendizaxes imprescindibles para favorecer a consecución dos obxectivos de cada curso-, como cando o progreso sexa superior ao esperado, tomando medidas para que o alumno continúe ampliando coñecementos e non se desmotive o que supón non evolucionar.

A avaliación do aprendizaxe do alumno, que será continua e integradora, será realizada polo equipo docente do alumno coordinado polo profesor-titor. Ditos profesores actuarán de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación para tomar decisións que deberán ser coñecidas en todo momento tanto polo alumno como pola súa familia.

6.2.3.1 Criterios de avaliación

Ademais dos criterios de avaliación enunciados nos correspondentes decretos arriba citados polos que se establece o currículo das Ensinanzas Elementais e Profesionais de Música, se terán en conta os seguintes criterios:

1. Valoraranse os hábitos de estudo axeitados.
2. Será imprescindible a interpretación do repertorio completo proposto para cada nivel (consúltese o apartado “6.2.3.2 Mínimos esixibles”).
3. O alumno deberá amosar unha técnica acorde co nivel correspondente, tendo en conta os seguintes parámetros:
 - a) Posición correcta fronte ao instrumento (inclúe o axeitado emprego do banquito ou alzador).
 - b) Coñecemento das notas sobre o diapasón.
 - c) Lectura a primeira vista.



- d) Axeitada acción dos dedos dambas mans sobre o instrumento.
- e) Ausencia de tensións. Control da relaxación e a respiración.
- f) Fluidez e velocidade axeitadas.
- g) Control da calidade do son co conxunto xema-uña.
- h) Control dos diferentes planos sonoros.
- i) Control dos elementos métricos e do pulso na interpretación.
- j) Coñecemento das formas musicais traballadas.
- k) A interpretación das pezas propostas deberá ser estilísticamente axeitada.
- l) O alumno amosará sensibilidade expresiva e musical, atendendo á:
 - Afinación
 - Fraseo
 - Expresión
 - Dinámica e Agónica
 - Outros recursos musicais

4. Valorarase a autonomía acadada polo alumno ao longo do curso

5. Será obrigatoria a interpretación de memoria de alomenos unha peza en cada trimestre. Na interpretación de memoria valorarase tanto a axeitada interpretación do texto, como a axilidade para solucionar os problemas ante calquera error ou esquecemento.

6. Se valorará a asistencia á clase colectiva de ofertarse ésta.

6.2.3.2 Mínimos esixibles

Para poder ter superado o segundo curso de guitarra ca mínima cualificación posible será necesario ter acadado os seguintes contidos do curso:

- 1. Amosar a asimilación dos contidos traballados durante o curso pasado atendendo de xeito especial á pulsación con alternancia de dedos (sen repeticións).
- 2. Estudar na casa con regularidade as pezas e exercicios propostos polo profesor ao longo das sesión de clase.
- 3. Ler completamente as obras e/ou estudos que conforman o repertorio que se establece na presente programación.
- 4. Ser capaz de describir as seccións que compoñen as partituras do programa do alumno, amosando polo menos oralmente un coñecemento claro acerca do significado de cada un dos elementos musicais constitutivos da partitura.



5. Executar de xeito fluído as escalas diatónicas de Do M e Sol M, La m e La M a 2 oitavas e de Re M a unha oitava, con índice e medio da man dereita, sen repetir os dedos, aumentando progresivamente a velocidade e variando as fórmulas rítmicas.

6. Interpretar un programa formado como mínimo por seis pezas musicais extraídas de entre as traballadas durante o curso xunto có seu profesor/a. Unha destas pezas deberá poder interpretarse de memoria. Nas obras desde repertorio de mínimos deberán estar contidos e superados os seguintes aspectos:

- * Ausencia de tensión no tronco e extremidades superiores durante a interpretación.
- * Axeitada colocación e pisado dos dedos 1, 2, 3, e 4 da man esquerda.
- * Execución de melodías en primeira e segunda posición, amosando o coñecemento de todas as notas en posición 2.
- * Aplicación da agónica e a dinámica como parámetros intrínsecos ao fraseo musical de acordo coas esixencias do texto musical.
- * Diferenciación de planos sonoros que permita facer comprensible cada un destes.
- * Emprego do ataque de xema-uña, de xeito que se acade unha calidade sonora (redondez), axeitada ao carácter da peza a executar.
- * Perfeccionamento da pulsación conxunta de 2, 3 e 4 sons, de xeito que todas as voces se escoiten con equilibrio.
- * Execución de arpejos simples e compostos nas diferentes combinacións traballadas durante o curso, con regularidade rítmica e mantendo a sonoridade de cada nota durante toda a duración de dito arpejo.
- * Consolidación e ampliación de coñecementos referidos á dixitación dambas as dúas mans.
- * Sincronización dambas as dúas mans en movementos transversais e lonxitudinais, de xeito que o cambio de posición non afecte ao discurso musical.
- * Aplicación da dinámica e a agónica de acordo ao expresado no texto musical e podendo amosar oralmente o coñecemento dos distintos signos musicais que fan referencia a eses dous factores.
- * Valorarase especialmente na interpretación, xunto á corrección técnica e unha calidade mínima de son con uña, a fluidez na execución, a adecuación do tempo, o fraseo e a articulación de cada obra musical ao estilo e indicacións do texto.



6.2.3.3 Criterios de cualificación

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o Grao Elemental serán os seguintes:

Criterios técnicos	50%
Criterios estéticos	50%

As clases colectivas non son de obrigada asistencia mais poderá ter un reflexo positivo na nota daqueles alumnos/as que asistan a elas.

Os resultados da avaliación dos alumnos de Grao Elemental, se representarán con cualificacións en termos de 1 a 10 considerándose cualificación positiva 5 o máis de 5.

6.2.3.3.1 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estea de acordo.

Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

6.2.3.3.2 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Proba obxectiva de avaliación fin de curso:

O alumno deberá amosar un coñecemento correcto da primeira posición do diapasón a través de exercicios que lle pedirá realizar o seu profesor.

O alumno terá que realizar un exercicio de lectura a primeira vista.

O alumno terá que presentar un repertorio de oito pezas para a súa interpretación dun nivel similar ó indicado na programación. O profesor poderá facer unha selección das mesmas.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%
- Criterios estéticos: 50%

Recuperación durante o curso:

Ó tratarse dunha avaliación continua as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de



recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo desde xeito a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/unha alumno/a teña pendende a materia de guitarra, deberá recuperala no presente curso, pero non se comenzarán cos novos obxectivos ata que non se acaden os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen a materia ao final do terceiro trimestre poderán facelo mediante a realización dunha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño e que se levará a cabo no lugar e nas datas determinadas polo centro para tal efecto. Ditas datas e lugares serán publicadas no taboleiro de anuncios do conservatorio.

Os contidos de dita proba extraordinaria serán notificados ao alumno no seu correspondente informe negativo de avaliación xunto co boletín de notas ou enviado por Centro-Net. En calquera caso o alumno deberá amosar haber superado os elementos curriculares mínimos esixidos para o curso no que se presenta.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%
- Criterios estéticos: 50%

6.2.3 Recursos didácticos

O aula debe estar dotada de espello, cadeiras (sen pala), atrás, repousapés, mesa, armario, perchas e papeleira. O centro dispón de equipo de son polo que o profesor que o necesite pode solicita-lo.

Repertorio orientativo:

F. CARULLI: "Studi per Chitarra", nº, 1 a 4, 8, 13, 16 (Subini-Zerboni)

F. SOR: "12 Estudios" Op. 60, nº 1, 3, 4, 6 (Boileau)

LEO BROUWER: Estudios sencillos, 1ª serie, I a V, (Max Eschig)

J. W. DUARTE, "Six easy pictures, Op. 57" (Novello)

D. AGUADO "Método de guitarra" 1ª parte nº 1 al 3 (U.M.E.).

BRYAN LESTER - Cuadernos de ejercicios, Essential Guitar Skill (Ricordi):

- a escala: nº 3, 5 y 6
- o trémolo: nº 3 y 6



- a cella: nº 2
- o arpegio: nº 1

TOMÁS CAMACHO: “Escuela de la Guitarra”, Libro 2 (Real Musical)

M GIULIANI: “La Mariposa” Op. 30, 1,3,4,5,8,10 a 14, 16,18 (U.M.E.)

LUISA SANZ, “La guitarra paso a paso” (Real Musical):

- Música antigua: 11 a 16, 19, 21 a 25 y 26.
- Música clásica: 49, 51, 55.

Outros de características e dificultades similares.

6.3 Curso: 3º GRAO ELEMENTAL

6.3.1 Obxectivos

As ensinanzas impartidas na materia de guitarra, no curso terceiro, terán como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Afianzar os coñecementos adquiridos durante o curso anterior.
2. Coñecer diferentes posturas de acordes para o instrumento.
3. Desenvolver a habilidade de cada man, en canto a independencia e anticipación se refire, así como na sincronización dambas as dúas mans.
4. Coordinar as funcións motrices que interveñen nos cambios de posición.
5. Ampliar o coñecemento das notas sobre o diapasón ata a posición V incluída.
6. Potenciar e mellorar os mecanismos que interveñen na execución de elementos técnicos como a cella, os arpejos, os ligados, ornamentos e apagadores.
7. Iniciarse no coñecemento da práctica e execución dos armónicos naturais.
8. Afondar nos principios xerais da dixitación guitarrística.
9. Obter nun contexto musical distintos planos sonoros.
10. Afondar na práctica da polifonía.
11. Obter a calidade sonora a través do conxunto xema-uña, empregando a sensibilidade auditiva como ferramenta principal.
12. Aplicar con crecente autonomía a dinámica, a agóxica, a tímbrica e a articulación como recursos musicais indispensables para a expresión musical.
13. Diferenciar as estruturas formais nos seus distintos niveis (motivos, frases, períodos, etc.).
14. Habituar-se á afinación do instrumento.



15. Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, na medida que o nivel técnico e musical permítalo.
16. Coñecer autores e estilos máis representativos do repertorio a interpretar.
17. Potenciar a capacidade de lectura a primeira vista que lles permita participar nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.
18. Entrenar progresiva e permanentemente a memoria como medio de maior liberdade de expresión musical.
19. Reforzar e mellorar os hábitos de traballo axeitados, de maneira que optimice a calidade de estudo e se favoreza unha autonomía gradualmente maior.

6.3.2 Contidos

1. Afianzamento e desenvolvemento dos seguintes contidos do curso anterior:
 - a. Pulsación conxunta de varios sons.
 - b. Arpexos .
 - c. Dixitación .
 - d. Dinámicas.
 - e. Posta en escena.
 - f. Hábitos de estudo, axeitados eficaces.
2. Mantemento dos sons en diferentes voces.
3. Apagadores en todas as cordas con ambas mans.
4. Iniciación á execución de ornamentos sinxelos.
5. Iniciación á cella completa.
6. Sincronización dos dedos da man esquerda en movementos transversais.
7. Independencia dos dedos da man esquerda.
8. Anticipación dos dedos da man esquerda.
9. Coñecemento das posturas estándar de man esquerda de acordes Do7^a, Re7^a, Mi7^a, Sol7^a, La7^a.
10. Práctica da secuencia I-IV-V(7)-I, facendo uso dos acordes aprendidos ata o momento.
11. Escalas diatónicas: Mi m (2 oitavas), Fa M (2 oitavas), Si m (1 oitava). Escala cromática en Posición I.
12. Práctica dos cambios de posición por corda ao aire e por dedo guía directo.
13. Coñecemento e práctica das notas en posición V.



14. Control dos planos sonoros en diferentes contextos.
15. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como factor fundamental para a obtención da calidade sonora.
16. Coñecemento dos compositores e estilos máis representativos do repertorio de instrumento deste nivel.
17. Afinación por equísonos.
18. Adecuación do fraseo á expresión musical.
19. Percepción da relaxación do corpo na interpretación.
20. Interpretación dun repertorio guitarrístico axeitado ás dificultades do curso.
21. Lectura a primeira vista de melodías con baixos ao aire e de arpejos sinxelos en primeira posición, e de melodías en segunda posición.
22. Desenrolo progresivo da memoria, incluíndo todos os aspectos técnicos e musicais traballados ata o momento.
23. Perfeccionamento da interpretación *Legato*.
24. Emprego dos seguintes recursos tímbricos: “Ponticello” e “Sul tasto”.
25. Análise e interpretación expresiva das fórmulas cadenciais máis frecuentes.
26. Interpretación e escoita simultánea na práctica grupal.
27. Normas de convivencia e comportamento nas clases.

Traballarase unha selección de pezas escollidas dentro do nivel do curso que inclúan catro obras de diferentes épocas e catro estudos (pódese consultar un repertorio orientativo no apartado “6.3.5 recursos didácticos”).

En cada trimestre esixirase que alomenos unha das pezas do repertorio proposto sexa interpretada de memoria. O feito de que as pezas estean temporalizadas non significa que se deban esquecer unha vez rematado o trimestre, senón que deberán manterse e mellorarse ata o fin do curso.

A continuación, unha posible secuenciación:

1º. Trimestre	2º. Trimestre	3º. Trimestre
3 estudos ou obras	3 estudos ou obras	2 estudos ou obras



6.3.3 Avaliación

A finalidade da avaliación é a de valorar o nivel de desenvolvemento das capacidades de expresión artística e musical, ademais de garantir a axeitada cualificación destas ensinanzas, polo que valoraremos o “desenvolvemento das capacidades” tendo en conta todos os factores que caractericen ao alumno e garantir así a axeitada cualificación.

Haberá unha avaliación inicial, a coincidir ca/s primeira/s clases, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe e unha avaliación final en xuño na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

O nivel de cumprimento destes elementos curriculares non se medirá de xeito mecánico, senón, flexible, tendo moi en conta as características persoais do alumno como a idade, estudos, aspiracións, aptitudes ou situación persoal. A información que suministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica polo que debe levarse a cabo de xeito continuo e personalizado, aportándolles información ao alumno e a súa familia, sobre o desenvolvemento respecto das súas posibilidades. É aquí onde o Plan de Atención á Diversidade toma un papel moi destacado, xa que deberemos actuar tanto cando o progreso non sexa o axeitado, -adoptando as medidas oportunas dirixidas a garantir a adquisición de aprendizaxes imprescindibles para favorecer a consecución dos obxectivos de cada curso-, como cando o progreso sexa superior ao esperado, tomando medidas para que o alumno continúe ampliando coñecementos e non se desmotive o que supón non evolucionar.

A avaliación do aprendizaxe do alumno, que será continua e integradora, será realizada polo equipo docente do alumno coordinado polo profesor-titor. Ditos profesores actuarán de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación para tomar decisións que deberán ser coñecidas en todo momento tanto polo alumno como pola súa familia.

6.3.3.1 Criterios de avaliación

Ademais dos criterios de avaliación enunciados nos correspondentes decretos arriba citados polos que se establece o currículo das Ensinanzas Elementais e Profesionais de Música, se terán en conta os seguintes criterios:

1. Valoraranse os hábitos de estudo axeitados.
2. Será imprescindible a interpretación do repertorio completo proposto para cada nivel (consúltese o apartado “6.3.3.2 Mínimos esixibles”).



3. O alumno deberá amosar unha técnica acorde co nivel correspondente, tendo en conta os seguintes parámetros:
 - a) Posición correcta cara ao instrumento (inclúe o axeitado emprego do banquito ou alizador)
 - b) Coñecemento das notas sobre o diapasón.
 - c) Lectura a primeira vista.
 - d) Axeitada acción dos dedos dambas as dúas mans sobre o instrumento.
 - e) Ausencia de tensións. Control da relaxación e a respiración.
 - f) Fluidez e velocidade axeitadas.
 - g) Control da calidade do son co conxunto xema-uña.
 - h) Control dos diferentes planos sonoros.
 - i) Control dos elementos métricos e do pulso na interpretación.
 - j) Coñecemento das formas musicais traballadas.
 - k) A interpretación das pezas propostas deberá ser estilísticamente axeitada.
 - l) O alumno amosará sensibilidade expresiva e musical, atendendo á:
 - a) Afinación.
 - b) Fraseo.
 - c) Expresión.
 - d) Dinámica e Agónica.
 - e) Outros recursos musicais.
4. Valorarase a autonomía acadada polo alumno ao longo do curso.
5. Será obrigatoria a interpretación de memoria de alomenos unha peza en cada trimestre. Na interpretación de memoria se valorará tanto a axeitada interpretación do texto, como a axilidade para solucionar os problemas ante calquera error ou esquecemento.
6. Se valorará a asistencia á clase colectiva de ofertarse esta.

6.3.3.2 Mínimos esixibles

Para poder ter superado o terceiro curso de guitarra ca mínima cualificación posible será necesario ter acadado os seguintes contidos do curso:

1. Amosar a asimilación dos contidos traballados durante o curso pasado, atendendo de maneira moi especial á pulsación con alternancia de dedos (sen repeticións).



2. Ler completamente as obras e/ou estudos que conforman o repertorio que se establece na presente programación.
3. Ser capaz de describir as seccións que compoñen as partituras que compoñen o programa do alumno.
4. Executar de xeito fluído as escalas diatónicas Mi m (2 oitavas), Fa M (2 oitavas), Si m (1 oitava), escala cromática en Posición I., con índice e medio da man dereita, sen repetir os dedos.
5. Ter unhas uñas na man dereita dun tamaño que lle permita pulsar facendo uso delas e cunha forma que lle permita tocar sen producir ruídos, deslizando os dedos desa man de maneira adecuada polas cordas.
6. Ser capaz de ler a primeira vista un fragmento musical que inclúa estes aspectos: melodías con baixos ao aire e de arpejos sinxelo en primeira posición, e de melodías en segunda posición.
7. Interpretación fluída e con asimilación dos contidos traballados durante o curso, dun programa formado, como mínimo, por seis pezas musicais extraídas dentre as traballadas durante o curso xunto co seu profesor. Unha destas pezas deberá poder interpretarse de memoria.
8. Valorarase especialmente na interpretación, xunto á corrección técnica e unha calidade mínima de son con xema-uña, a adecuación do tempo, o fraseo, a agónica, a dinámica e a articulación de cada obra musical ao estilo e indicacións do texto musical.
9. No conxunto de ditas pezas deberán estar contidos e superados os seguintes aspectos:
 - Axeitada posición ante a Guitarra que favoreza a fluidez e naturalidade na interpretación.
 - Pulsación correcta da man dereita cos dedos pulgar, índice, medio e anular, facendo uso do conxunto de xema-uña.
 - Correcta colocación e pisado dos dedos 1, 2, 3 e 4 da man esquerda.
 - Seguridade nos cambios de posición, fundamentalmente por corda ao aire e por dedo guía directo, demostrando unha sincronización tal nas mans que non afecte ao normal desenvolvemento do discurso musical.
 - Sincronización dambas mans en movementos transversais.
 - Coñecemento da ubicación das notas na 2ª e 5ª posición da guitarra.



- Eficacia de execución suficiente na técnica de ligados simples ascendentes e descendentes (ornamentos sinxelos) de maneira que sexan audibles e resulten equilibrados ritmicamente.
- Práctica da cella: na media cella esixírase claridade total na emisión de todas as notas e na cella completa, alomenos unha correcta colocación do dedo un.
- Práctica dos apagadores, alomenos co pulgar en notas ao aire.

6.3.3.3 Criterios de cualificación

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o Grao Elemental serán os seguintes:

Criterios técnicos	50%
Criterios estéticos	50%

As clases colectivas non son de obrigada asistencia mais poderá ter un reflexo positivo na nota daqueles alumnos/as que asistan a elas.

Os resultados da avaliación dos alumnos de Grao Elemental, se representarán con cualificacións en termos de 1 a 10 considerándose cualificación positiva 5 o máis de 5.

6.3.3.3.1 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno esté de acordo.

Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto..

6.3.3.3.2 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Proba obxectiva de avaliación fin de curso:

O alumno deberá amosar un coñecemento correcto da primeira posición do diapasón a través de exercicios que lle pedirá realizar o seu profesor.

O alumno terá que realizar un exercicio de lectura a primeira vista.



O alumno terá que presentar un repertorio de oito pezas para a súa interpretación dun nivel similar ó indicado na programación. O profesor poderá facer unha selección das mesmas. A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50%.

Recuperación durante o curso:

Ó tratarse dunha avaliación continua as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo desde xeito a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/unha alumno/a teña pendente a materia de guitarra, deberá recuperala no presente curso, pero non se comenzarán cos novos obxectivos ata que non se acaden os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen a materia ao final do terceiro trimestre poderán facelo mediante a realización dunha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño e que se levará a cabo no lugar e nas datas determinadas polo centro para tal efecto. Ditas datas e lugares serán publicadas no taboleiro de anuncios do conservatorio.

Os contidos de dita proba extraordinaria serán notificados ao alumno no seu correspondente informe negativo de avaliación xunto co boletín de notas ou enviado por Centro-Net. En calquera caso o alumno deberá amosar haber superado os elementos curriculares mínimos esixidos para o curso no que se presenta

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50%.



6.3.4 Recursos didácticos

O aula debe estar dotada de espello, cadeiras (sen pala), atrás, repousapés, mesa, armario, perchas e papeleira. O centro dispón de equipo de son polo que o profesor que o necesite pode solicita-lo.

Repertorio orientativo:

BRYAN LESTER - Cuadernos de ejercicios, Essential Guitar Skill (Ricordi):

a cella: nº 1, 3, 4 e 6

- a escala: nº 8, 9, 10 e 12
- o trémolo: nº 1, 2, 8, 10 e 11
- o arpejo: nº 2, 4 e 5

F. SOR - Estudios Op.60, nº 2, 5, 7, 8, 10 (Boileau)

L BROUWER - Estudios sencillos, 1ª serie e 2ª serie (Max Eschig)

F. CARULLI: "Studi per Chitarra", nº 5, 6, 7, 14, 15, 18, 20 a 23, 25, 26 (Subini-Zerboni)

J. W. DUARTE, "Six easy pictures, Op. 57" (Novello)

M. CARCASSI: "25 Estudios melódicos progresivos" op. 60, (Universal Edition)

M. CARCASSI: "Seis caprichos" Op. 26 (Schott)

M. GIULIANI, Divertimento, Op. 32, Parte I, nº 2

6.4 Curso: 4º GRAO ELEMENTAL

6.4.1 Obxectivos

As ensinanzas impartidas na materia de guitarra, no curso cuarto, terán como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Afianzar os coñecementos adquiridos durante o curso anterior.
2. Potenciar e mellorar os mecanismos que interveñen na execución (con fluidez) de elementos técnicos como os arpejos, os ornamentos, apagadores e a sincronización entre ambas mans.
3. Disociar a forza empregada en cada man á hora de executar o xesto das cellas, ademais de atopar os momentos de relaxación ao usar cellas prolongadamente.
4. Superar as dificultades que entraña o cambio de posición, xa sexa mediante dedo-guía indirecto ou substitución.



5. Coñecer a ubicación de calquera son no diapason ata a sétima posición incluída, e a novena nas cordas 1ª e 2ª.
6. Desenvolver o coñecemento da práctica e execución dos armónicos naturais.
7. Consolidar os principios xerais da dicitación guitarrística.
8. Comprender as estruturas formais nos seus distintos niveis (motivos, frases, períodos).
9. Distinguir nun contexto musical distintos planos sonoros simultáneos ou sucesivos.
10. Distinguir nun contexto musical as partes relevantes (melodías) do que supón o acompañamento.
11. Empregar os recursos musicais indispensables para favorecer a expresión musical, como a dinámica, a agónica, articulacións (picado, staccato, subrayado, acento), e o vibrato.
12. Continuar ca práctica da polifonía.
13. Asimilar os conceptos de fraseo e dirección melódica e ser capaz de levarlos á práctica.
14. Afianzar a afinación do instrumento mediante diversos procedementos.
15. Mellorar a calidade sonora a través do conxunto xema-uña, empregando a sensibilidade auditiva como ferramenta principal.
16. Potenciar a capacidade de lectura a primeira vista axeitada á dificultade esixida neste nivel.
17. Memorizar pezas musicais ou fragmentos das mesmas como recurso indispensable para una interpretación máis interiorizada, consciente e controlada.
18. Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, na medida que o nivel técnico e musical llo permita.
19. Coñecer os autores e estilos máis representativos do repertorio a interpretar.
20. Reforzar e mellorar os hábitos de traballo axeitados, de maneira que optimice a calidade do estudo e se favoreza unha autonomía gradualmente maior.

6.4.2 Contidos

1. Afianzamento e desenrolo dos seguintes contidos do curso anterior:
 - a. Apagadores.
 - b. Celas
 - c. Dicitación.
 - d. Dinámicas.
 - e. Man esquerda: anticipación e independencia.
 - f. Pulsación conxunta de varios sons.



- g. Planos sonoros.
 - h. Articulacións.
 - i. Relaxación corporal.
 - j. Posta en escena.
 - k. Técnicas de interpretación en grupo.
 - l. Hábitos de estudo, correctos e eficaces.
2. Arpexos con e sen cambios de posición: La M, SibM, Re 7ª, Lam, Rem, La7ª, Sim e Solm.
 3. Coñecemento das posturas estándar, (transportables), de man esquerda de acordes Do m, Fa M, con e sen sétima, e Fa m, sol m, SI M, con e sen sétima e Si m.
 4. Escalas diatónicas: transportables maior e menor (2 oitavas), escala cromática en tres oitavas, escala transportable de blues.
 5. Práctica dos cambios de posición por substitución e dedo guía indirecto.
 6. Sincronización dambas man en movementos transversais e lonxitudinais.
 7. Aplicación de vibrato.
 8. Execución del “Pizzicato” como recurso tímbrico.
 9. Práctica de Trinos, mordentes e “glissandos”.
 10. Coñecemento e práctica das notas en posición 7 e da posición 9 nas dúas primeiras cordas.
 11. Descubrimento e práctica dos sons armónicos naturais en trastes XII, VII e V.
 12. Afinación por armónicos.
 13. Claridade e conducción das voces na polifonía.
 14. Identificación de formas musicais: rondó, tema con variacións, forma lied, danzas e o esquema armónico del blues.
 15. Estudo do fraseo en relación ca época e o estilo.
 16. Perfeccionamento da sensibilidade auditiva como factor fundamental para a obtención da calidade sonora, atendendo ao estilo e á expresión musical.
 17. Interpretación dun repertorio guitarrístico axeitado ás dificultades do curso.
 18. Afondamento na historia do instrumento.
 19. Lectura a primeira vista de pezas ou exercicios dun nivel de segundo de Grao Elemental e de melodías ata quinta posición.



20. Perfeccionamento progresivo da memoria, incluíndo todos os aspectos técnicos e musicais traballados ata o momento.

Traballarase unha selección de pezas escollidas dentro do nivel do curso que inclúan catro obras de diferentes épocas e catro estudos (pódese consultar un repertorio orientativo no apartado “6.4.5 recursos didácticos”).

En cada trimestre esixirase que alomenos unha das pezas do repertorio proposto sexa interpretada de memoria. O feito de que as pezas estean temporalizadas non significa que se deban esquecer unha vez rematado o trimestre, senón que deberán manterse e mellorarse ata o fin do curso.

A continuación, unha posible secuenciación:

1º. Trimestre	2º. Trimestre	3º. Trimestre
3 estudos ou obras	3 estudos ou obras	2 estudos ou obras

6.4.3 Avaliación

A finalidade da avaliación é a de valorar o nivel de desenvolvemento das capacidades de expresión artística e musical, ademais de garantir a axeitada cualificación destas ensinanzas, polo que valoraremos o “desenvolvemento das capacidades” tendo en conta todos os factores que caractericen ao alumno e garantir así a axeitada cualificación.

Haberá unha avaliación inicial, a coincidir ca/s primeira/s clases, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe e unha avaliación final en xuño na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

O nivel de cumprimento destes elementos curriculares non se medirá de xeito mecánico, senón, flexible, tendo moi en conta as características persoais do alumno como a idade, estudos, aspiracións, aptitudes ou situación persoal. A información que suministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica polo que debe levarse a cabo de xeito continuo e personalizado, aportándolles información ao alumno e a súa familia, sobre o desenvolvemento respecto das súas posibilidades. É aquí onde o Plan de Atención á Diversidade toma un papel moi destacado, xa que deberemos actuar tanto cando o progreso non sexa o axeitado, -adoptando as medidas oportunas dirixidas a garantir a adquisición de

aprendizaxes imprescindibles para favorecer a consecución dos obxectivos de cada curso-, como cando o progreso sexa superior ao esperado, tomando medidas para que o alumno continúe ampliando coñecementos e non se desmotive o que supón non evolucionar.

A avaliación do aprendizaxe do alumno, que será continua e integradora, será realizada polo equipo docente do alumno coordinado polo profesor-titor. Ditos profesores actuarán de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación para tomar decisións que deberán ser coñecidas en todo momento tanto polo alumno como pola súa familia.

6.4.3.1 Criterios de avaliación

Ademais dos criterios de avaliación enunciados nos correspondentes decretos arriba citados polos que se establece o currículo das Ensinanzas Elementais e Profesionais de Música, se terán en conta os seguintes criterios:

1. Valoraranse os hábitos de estudo axeitados.
2. Será imprescindible a interpretación do repertorio completo proposto para cada nivel (consúltese o apartado “6.4.3.2 Mínimos esixibles”).
3. O alumno deberá amosar unha técnica acorde co nivel correspondente, tendo en conta os seguintes parámetros:
 - a. Posición correcta cara ao instrumento (inclúe o axeitado emprego do banquito ou alzador).
 - b. Coñecemento das notas sobre o diapasón.
 - c. Lectura a primeira vista.
 - d. Axeitada acción dos dedos dambas as dúas mans sobre o instrumento.
 - e. Ausencia de tensións. Control da relaxación e a respiración.
 - f. Fluidez e velocidade axeitadas.
 - g. Control da calidade do son co conxunto xema-uña.
 - h. Control dos diferentes planos sonoros
 - i. Control dos elementos métricos e do pulso na interpretación
 - j. Coñecemento das formas musicais traballadas.
 - k. A interpretación das pezas propostas deberá ser estilísticamente axeitada.
 - l. O alumno amosará sensibilidade expresiva e musical, atendendo á:
 - a. Afinación.
 - b. Fraseo.



- c. Expresión.
- d. Dinámica e Agónica.
- e. Outros recursos musicais.

- 4. Valorarase a autonomía acadada polo alumno ao longo do curso.
- 5. Será obrigatoria a interpretación de memoria de alomenos unha peza en cada trimestre. Na interpretación de memoria valorarase tanto a axeitada interpretación do texto, como a axilidade para solucionar os problemas ante calquera error ou esquecemento.
- 6. Valorarase a asistencia á clase colectiva de ofertarse esta.

6.4.3.2 *Mínimos esixibles*

Para poder ter superado o cuarto curso de guitarra ca mínima cualificación posible será necesario ter acadado os seguintes contidos do curso:

- 1. Asimilación dos contidos traballados durante os cursos anteriores.
- 2. Ler completamente as obras e/ou estudos que conforman o repertorio que se establece na presente programación.
- 3. Descrición das seccións que compoñen as partituras que compoñen o programa do alumno, amosando alomenos oralmente un coñecemento claro acerca do significado de cada un dos elementos musicais constitutivos da partitura.
- 4. Execución fluída das escalas diatónicas: Transportables maior e menor (2 oitavas), escala cromática en tres oitavas.
- 5. Interpretación fluída e con asimilación dos contidos traballados na peza, como mínimo dun programa formado por seis pezas musicais extraídas dentre as traballadas durante el curso xunto con su profesor. Unha destas pezas deberá poder interpretarse de memoria.
- 6. Valorarase especialmente na interpretación, xunto á corrección técnica e unha calidade aceptable de son con uña, a adecuación do tempo, o fraseo e a articulación de cada obra musical ao estilo e indicacións do texto.
- 7. Nas pezas traballadas deberán estar contidos e superados os seguintes aspectos:
 - Dominio dos diversos tipos de apagadores.
 - Perfeccionamento da pulsación conxunta de 2, 3 e 4 sons.
 - Emprego dos distintos recursos tímbricos (“Ponticello”, “Sul tasto”, “Pizzicatos”).



- Práctica de ligados ascendentes e descendentes, simples e compostos, trinos, mordentes e “Glissandos”.
- Práctica de la cella en todas as súas modalidades.
- Coñecemento das notas ata a posición sétima.
- Sincronización dambas man en movementos transversais e lonxitudinais.
- Práctica de los sons armónicos naturais en trastes XII, VII e V.
- Práctica do fraseo.
- Diferenciación de planos sonoros en contextos polifónicos e de acordes.

6.4.3.3 Criterios de cualificación

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o Grao Elemental serán os seguintes:

Criterios técnicos	50%
Criterios estéticos	50%

As clases colectivas non son de obrigada asistencia mais poderá ter un reflexo positivo na nota daqueles alumnos/as que asistan a elas.

Os resultados da avaliación dos alumnos de Grao Elemental, se representarán con cualificacións en termos de 1 a 10 considerándose cualificación positiva 5 o máis de 5.

6.4.3.3.1 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Proba obxectiva de avaliación fin de curso:

O alumno deberá amosar un coñecemento correcto da primeira posición do diapasón a través de exercicios que lle pedirá realizar o seu profesor.

O alumno terá que realizar un exercicio de lectura a primeira vista.

O alumno terá que presentar un repertorio de oito pezas para a súa interpretación dun nivel similar ó indicado na programación. O profesor poderá facer unha selección das mesmas.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%
- Criterios estéticos: 50%



Recuperación durante o curso:

Ó tratarse dunha avaliación continua as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo desde xeito a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/unha alumno/a teña pendente a materia de guitarra, deberá recuperala no presente curso, pero non se comenzarán cos novos obxectivos ata que non se acaden os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen a materia ao final do terceiro trimestre poderán facelo mediante a realización dunha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño e que se levará a cabo no lugar e nas datas determinadas polo centro para tal efecto. Ditas datas e lugares serán publicadas no taboleiro de anuncios do conservatorio.

Os contidos de dita proba extraordinaria serán notificados ao alumno no seu correspondente informe negativo de avaliación xunto co boletín de notas ou enviado por Centro-Net. En calquera caso o alumno deberá amosar haber superado os elementos curriculares mínimos esixidos para o curso no que se presenta.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50%.

6.4.3 Recursos didácticos

A aula debe estar dotada de espello, cadeiras (sen pala), atrás, posapés, mesa, armario, perchas e papeleira. O centro dispón de equipo de son polo que o profesor que o necesite pode solicitalo.

Repertorio orientativo:

B. LESTER, Cuadernos de ejercicios (Ricordi)

- a cella: nº 5, 8 e 9
- a escala: 11, 13 e 14



- o trémolo: 4, 5, 7 e 9

- o arpexio: nº 3

F. SOR, " 30 Estudios para guitarra", 6 e 8 (U.M.E.)

L. BROUWER, Estudios sencillos, 2ª e 3ª Series (Max Eschig)

F. CARULLI, Studi per chitarra" nº 29 e 30 (Subini-Zerboni)

S. DODGSON-H. QUINE, "Doce estudios preparatorios"

M. CARCASSI, "25 Estudios melódicos progresivos" Op. 60 y "Seis caprichos" Op. 26

CHAVIANO, "Cubanita", "Son nº 1", "Danza nº 1"

J. ABSIL, Preludio y Barcarola"

F. TÁRREGA, "Lágrima", "Adelita"

GASPAR SANZ, "Españoletas"

F. POULENC, "Sarabande"

6.5 Curso: 1º GRAO PROFESIONAL

6.5.1 Obxectivos

As ensinanzas impartidas na materia de guitarra, no curso primeiro de Grao Profesional terán como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Desenvolver a independencia de dedos.
2. Desenvolver a coordinación e sincronización entre ambas mans.
3. Empregar e aplicar os diferentes tipos de ataque (apoiando e tirando) segundo as diferentes necesidades expresivas e musicais do texto a interpretar.
4. Desenvolver a percepción auditiva co fin de emitir un xuízo crítico da súa propia interpretación.
5. Aplicar con autonomía as solución que lle permitan avanzar na súa calidade sonora e interpretativa.
6. Consolidar hábitos correctos e eficaces de estudo que estimulen a concentración, o sentido da autocrítica e a disciplina no traballo.
7. Coñecer de xeito xeral os diferentes períodos históricos.
8. Interpretar un repertorio representativo que abrangue todas as épocas e estilos con dificultade axeitada a este nivel.
9. Coñecer os diferentes sistemas de notación.



10. Coñecer e aplicar os diferentes sistemas de ornamentación dentro das esixencias do seu nivel.
11. Coñecer as formas musicais, de pequena factura, máis representativas de cada período.
12. Memorizar pezas musicais ou fragmentos das mesmas como recurso indispensable para unha interpretación máis interiorizada, consciente e controlada.
13. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista en fragmentos musicais axeitados a este nivel.
14. Aplicar con autonomía os coñecementos técnicos e musicais para a improvisación co instrumento.
15. Traballar un repertorio de obras, sempre adecuadas ao seu nivel, que permita crear un pequeno programa de concerto e que á súa vez sirva como base de futuras obras de maior importancia.
16. Adquirir progresivamente o autocontrol e o dominio escénico necesarios para a interpretación en público.

6.5.2 Contidos

1. Iniciación ao Rubato.
2. Destacado de voces en acordes e arpejos.
3. “Scordatura” da terceira corda en Fa#, e da sexta corda en Re.
4. Iniciación á lectura de tablatura italiana.
5. Dixitación de pasaxes polifónicas.
6. Independencia de dedos na man esquerda: manter valores e respecto á figuración.
7. Independencia de dedos na man dereita: planos sonoros e claridade na condución das voces.
8. Coñecemento das notas ata a novena posición.
9. Escalas en tres oitavas: Sol M, Mim e Re m armónicas.
10. Arpejos con e sen cambios de posición dentro da seguinte progresión armónica: DoM-FaM-Sol7^a; Lam-Rem-Mi7^a; ReM-SolM-La7^a.
11. Cella completa, levantada en su parte superior ou inferior.
12. Cambios de posición por salto, por dedo guía directo, indirecto ou substitución.
13. Práctica de trinos, mordentes con notas tenidas.
14. Campanellas.



15. Lectura a primeira vista: consolidación da lectura en posicións 5 e 7.
16. Execución con autonomía dos seguintes aspectos:
 - Tímbrica: sul tasto, ponticello, pizzicato.
 - Dinámica.
 - Dixitación.
 - Articulacións: picado, stacatto, ligado técnico e musical.
17. Ataques: apoiando e tirando.
18. Interpretación dacordo cos principios estéticos das distintas épocas en relación coa dinámica e agóxica.
19. Iniciación á grafía contemporánea.
20. Ampliación do coñecemento do repertorio de la guitarra e os seus autores, desde o Renacemento ata os nosos días.
21. Aprendizaxe dos diferentes mecanismos de memorización de obras e/ou fragmentos musicais correspondentes ao repertorio do alumno.
22. Interpretación en público: concentración, memoria e control do corpo e o instrumento.
23. Audición comparada de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características dos seus diferentes versións.
24. Control da respiración axeitada ao fraseo.

Traballarase unha selección de pezas escollidas dentre os libros que figuran no listado orientativo do repertorio (6.5.5. “Recursos Didácticos”).

A continuación, unha posible secuenciación:

1º. Trimestre	2º trimestre	3º. Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> ● 1 estudos ● 2 obras: unha renacentista e unha clásico-romántica. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 estudos ● 2 obras: unha barroca e outra contemporánea 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2 estudos

6.5.3 Avaliación

A finalidade da avaliación é a de valorar o nivel de desenvolvemento das capacidades de expresión artística e musical, ademais de garantir a axeitada cualificación destas ensinanzas, polo que valoraremos o “desenvolvemento das capacidades” tendo en conta todos os factores que caractericen ao alumno e garantir así a axeitada cualificación.



Haberá unha avaliación inicial, a coincidir ca/s primeira/s clases, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe e unha avaliación final en xuño na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

O nivel de cumprimento destes elementos curriculares non se medirá de xeito mecánico, senón, flexible, tendo moi en conta as características persoais do alumno como a idade, estudos, aspiracións, aptitudes ou situación persoal. A información que suministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica polo que debe levarse a cabo de xeito continuo e personalizado, aportándolles información ao alumno e a súa familia, sobre o desenvolvemento respecto das súas posibilidades. É aquí onde o Plan de Atención á Diversidade toma un papel moi destacado, xa que deberemos actuar tanto cando o progreso non sexa o axeitado, -adoptando as medidas oportunas dirixidas a garantir a adquisición de aprendizaxes imprescindibles para favorecer a consecución dos obxectivos de cada curso-, como cando o progreso sexa superior ao esperado, tomando medidas para que o alumno continúe ampliando coñecementos e non se desmotive o que supón non evolucionar.

A avaliación do aprendizaxe do alumno, que será continua e integradora, será realizada polo equipo docente do alumno coordinado polo profesor-titor. Ditos profesores actuarán de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación para tomar decisións que deberán ser coñecidas en todo momento tanto polo alumno como pola súa familia.

6.5.3.1 Criterios de avaliación

Ademais dos criterios de avaliación enunciados nos correspondentes decretos arriba citados polos que se establece o currículo das Ensinanzas Elementais e Profesionais de Música, se terán en conta os seguintes criterios:

2. Será valorado o bo/mal comportamento e a actitude positiva na aula e no Centro
3. Será imprescindible a interpretación do repertorio completo proposto para cada nivel (consúltese o apartado “6.5.3.2 Mínimos esixibles”).
4. O alumno deberá amosar unha técnica acorde co nivel correspondente, tendo en conta os seguintes parámetros:
 - a) Posición correcta cara ao instrumento (inclúe o axeitado emprego do banquito ou alzador)
 - b) Coñecemento das notas sobre o diapasón.
 - c) Lectura a primeira vista.



- d) Axeitada acción dos dedos dambas as dúas mans sobre o instrumento.
- e) Ausencia de tensións. Control da relaxación e a respiración.
- f) Fluidez e velocidade axeitadas
- g) Control da calidade do son co conxunto xema-uña.
- h) Control dos diferentes planos sonoros.
- i) Control dos elementos métricos e do pulso na interpretación.
- j) Coñecemento das formas musicais traballadas.

5. A interpretación das pezas propostas deberá ser estilisticamente axeitada.

6.O alumno amosará sensibilidade expresiva e musical, atendendo á:

- a) Afinación
- b) Fraseo
- c) Expresión
- d) Dinámica e Agónica
- e) Outros recursos musicais

7.Valorarase a autonomía acadada polo alumno ao longo do curso

8.Será obrigatoria a interpretación de memoria de alomenos unha peza en cada trimestre. Na interpretación de memoria valorarase tanto a axeitada interpretación do texto, como a axilidade para solucionar os problemas ante calquera error ou esquecemento.

6.5.3.2 Mínimos esixibles

Para poder ter superado o primeiro curso de guitarra ca mínima cualificación posible será necesario ter acadado os seguintes contidos do curso:

- 1. Poñer de manifesto o correcto emprego das posibilidades sonoras do instrumento.
- 2. Consolidar hábitos correctos e eficaces de estudo que estimulen a concentración, o sentido da autocrítica e a disciplina no traballo.
- 3. Empregar e aplicar os diferentes tipos de ataque (apoiando e tirando) segundo as diferentes necesidades expresivas e musicais do texto a interpretar
- 4. Independencia de dedos na man esquerda: manter valores e respecto á figuración.
- 5. Independencia de dedos na man dereita: planos sonoros e claridade na condución das voces.
- 6. Cella completa, levantada en su parte superior ou inferior.
- 7. Ataques: apoiando e tirando.



8. Coñecer as características musicais do repertorio guitarrístico nas diferentes épocas.
9. Interpretar alomenos seis pezas do repertorio, obras de distintas épocas e estilos amosando coherencia entre a execución e a estética da obra proposto para o curso, sendo alomenos unha, interpretada de memoria.
10. Memorizar e interpretar, previo análise dos elementos formais, textos musicais do repertorio do nivel.
11. Interpretar en público, como solista, un programa axeitado ao nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

6.5.3.3 Criterios de cualificación

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o Grao Profesional serán os seguintes:

Criterios técnicos	50%
Criterios estéticos	50%

Os resultados da avaliación dos alumnos de Grao Profesional, se representarán con cualificacións en termos de 1 a 10 considerándose cualificación positiva 5 o máis de 5.

6.5.3.3.1 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estea de acordo.

Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

6.5.3.3.2 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Proba obxectiva de avaliación fin de curso:

O profesor poderá pedir ó alumno que execute algún exercicio de técnica.

O alumno terá que realizar un exercicio de lectura á primeira vista.

O alumno terá que presentar un programa de catro estudos e catro obras de nivel axeitado ó curso para a súa interpretación, empregando a posición, medida, afinación e son axeitados ó



seu contido, cun emprego axeitado do esforzo muscular e da respiración e amosar un dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Polo menos dúas das pezas deberán interpretarse de memoria, o profesor poderá facer unha selección das mesmas.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50%.

Recuperación durante o curso:

Ó tratarse dunha avaliación continua as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo desde xeito a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/unha alumno/a teña pendente a materia de guitarra, deberá recuperala no presente curso, pero non se comenzarán cos novos obxectivos ata que non se acaden os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen a materia ao final do terceiro trimestre poderán facelo mediante a realización dunha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño e que se levará a cabo no lugar e nas datas determinadas polo centro para tal efecto. Ditas datas e lugares serán publicadas no taboleiro de anuncios do conservatorio.

Os contidos de dita proba extraordinaria serán notificados ao alumno no seu correspondente informe negativo de avaliación xunto co boletín de notas ou enviado por Centro-Net.

En calquera caso o alumno deberá amosar haber superado os elementos curriculares mínimo esixidos para o curso. A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50% .



6.5.4 Recursos didácticos

O aula debe estar dotada de espello, cadeiras (sen pala), atrás, posapés, mesa, armario, perchas e papeleira. O centro dispón de equipo de son polo que o profesor que o necesite pode solicita-lo.

Repertorio orientativo:

1º GRAO PROFESIONAL	
ESTUDOS	
BROUWER, L.	Estudos XI e XII
CARCASSI, M.	25 estudos melódicos progresivos 1,3,7,19
COSTE, N.	Op. 38 nº 1 y 2
GIULIANI, M.	<i>Le Papillon</i> Op. 51 nº 27
LESTER, B.	Estudos de escalas nº 13 e 20
LESTER B.	Estudo de cella nº 7
LESTER B.	Estudo de trémolo nº 12 e 13
LESTER, B.	Estudo de arpexo nº 6
SOR, F.	20 estudos, Ed. Transatlantiques: VI
OBRAS	
Renacemento	
DOWLAND, J.	Gallarda " <i>Can she excuse</i> " de la guitare clasique de J. M MOURAT (vol. II)
JOHNSON, R.	<i>Alman</i>



MILÁN, L.	Pavanas 2 e 4
Barroco	
LOGY, J.A.	<i>Gigue</i>
SANZ, G.	<i>Tournoi et Bataille</i>
WEISS, S.L.	<i>Menuet</i>
Clasicismo-Romanticismo	
GIULIANI, M.	Preludios Op.38 nº 1
TÁRREGA, F.	Adelita
SOR, F.	Op. 6 nº 11
Siglo XX	
BYATT, M.	<i>Hanging' around</i>
LECLERQ, N.	<i>Cyclamen</i>
MONTREUIL, G.	Alicia

6.6 Curso: 2º GRAO PROFESIONAL

6.6.1 Obxectivos

As ensinanzas impartidas na materia de guitarra, no curso segundo de Grao Profesional terán como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Consolidar as capacidades adquiridas ao longo de cursos anteriores.
2. Desenvolver a independencia de dedos segundo as esixencias do repertorio proposto.
3. Desenvolver a coordinación e sincronización entre ambas mans.
4. Ampliar o coñecemento do diapasón a través da lectura a primeira vista e o traballo sobre novas zonas do instrumento.



5. Utilizar o oído e o aprendido en cursos anteriores para solucionar con autonomía crecente, tanto na interpretación, como nas sesións de estudo persoal, as diferentes dificultades formuladas no repertorio.
6. Coñecer diferentes sistemas de notación habituais no repertorio da guitarra.
7. Aplicar a ornamentación dentro das esixencias do estilo da obra ou estudo a interpretar, dentro das esixencias do seu nivel.
8. Coñecer as formas musicais, de pequena factura, máis representativas de cada período.
9. Memorizar pezas musicais ou fragmentos das mesmas como recurso indispensable para unha interpretación máis interiorizada, consciente e controlada.
10. Ampliar o coñecemento da literatura correspondente ao repertorio de guitarra.
11. Crear un pequeno repertorio base, composto por pezas de todas as épocas e estilos propios da literatura da guitarra, e cas dificultades propias do nivel programado, que sirva como punto de partida para a formación dun repertorio de concerto máis completo.
12. Adquirir progresivamente o autocontrol e dominio escénico necesarios para a interpretación en público.

6.6.2 Contidos

1. Afianzamento e desenrolo dos seguintes contidos do curso anterior:
 - Independencia de dedos na man esquerda.
 - Independencia de dedos na man dereita.
 - Cella completa, levantada na súa parte superior ou inferior.
 - Interpretación de memoria.
2. Perfeccionamento na execución destacada de voces en acordes e arpejos.
3. Escalas en tres oitavas: MiM e Solm armónica e melódica.
4. Arpejos con e sen cambios de posición dentro da seguinte progresión armónica: Sim-Mim-Fa#7; LaM-ReM-Mi7^a; Rem-Solm-La7^a;
5. Acordes compactos, de 4, 5 e 6 notas (con barrido de pulgar).
6. Lectura a primeira vista: perfeccionamento en posición sétima.
7. Iniciación da lectura da novena posición.
8. Lectura de tablatura italiana.
9. Interpretación de grafía contemporánea.
10. Execución con autonomía e criterio dos seguintes aspectos:



- Tímbrica: sul tasto, ponticello, pizzicato.
- Dinámica e agóxica.
- Dixitación.
- Articulacións: picado, stacatto, ligado técnico e musical.
- 11. Dixitación dun mesmo pasaxe en diferentes posicións.
- 12. Efectos sonoros: armónicos oitavados e percusións.
- 13. Interpretación de acordo cos principios estéticos das distintas épocas en relación coa dinámica, agóxica (rubato), articulación e ornamentación.
- 14. Coñecemento da literatura guitarrística a través do estilo e dos autores.
- 15. Desenvolvemento da concentración, memoria e control do corpo na interpretación en público.
- 16. Dominio progresivo, corporal e mental, durante a interpretación.

Traballarase unha selección de pezas escollidas dentre os libros que figuran no listado orientativo do Repertorio (6.6.5. “Recursos Didácticos”).

A continuación, unha posible secuenciación:

1º. Trimestre	2º Trimestre	3º. Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> ● 1 estudos ● 2 obras: unha renacentista e unha clásico-romántica. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 estudos ● 2 obras: unha barroca e outra contemporánea 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2 estudos

6.6.3 Avaliación

A finalidade da avaliación é a de valorar o nivel de desenvolvemento das capacidades de expresión artística e musical, ademais de garantir a axeitada cualificación destas ensinanzas, polo que valoraremos o “desenvolvemento das capacidades” tendo en conta todos os factores que caractericen ao alumno e garantir así a axeitada cualificación.

Haberá unha avaliación inicial, a coincidir ca/s primeira/s clases, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe e unha avaliación final en xuño na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

O nivel de cumprimento destes elementos curriculares non se medirá de xeito mecánico, senón, flexible, tendo moi en conta as características persoais do alumno como a idade,



estudos, aspiracións, aptitudes ou situación persoal. A información que suministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica polo que debe levarse a cabo de xeito continuo e personalizado, aportándolles información ao alumno e a súa familia, sobre o desenvolvemento respecto das súas posibilidades. É aquí onde o Plan de Atención á Diversidade toma un papel moi destacado, xa que deberemos actuar tanto cando o progreso non sexa o axeitado, -adoptando as medidas oportunas dirixidas a garantir a adquisición de aprendizaxes imprescindibles para favorecer a consecución dos obxectivos de cada curso-, como cando o progreso sexa superior ao esperado, tomando medidas para que o alumno continúe ampliando coñecementos e non se desmotive o que supón non evolucionar.

A avaliación do aprendizaxe do alumno, que será continua e integradora, será realizada polo equipo docente do alumno coordinado polo profesor-titor. Ditos profesores actuarán de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación para tomar decisións que deberán ser coñecidas en todo momento tanto polo alumno como pola súa familia.

6.6.3.1 Criterios de avaliación

Ademais dos criterios de avaliación enunciados nos correspondentes decretos arriba citados polos que se establece o currículo das Ensinanzas Elementais e Profesionais de Música, se terán en conta os seguintes criterios:

3. Será imprescindible a interpretación do repertorio completo proposto para cada nivel (consúltese o apartado “6.6.3.2 Mínimos esixibles”).
4. O alumno deberá amosar unha técnica acorde co nivel correspondente, tendo en conta os seguintes parámetros:
 - a) Posición correcta cara ao instrumento (inclúe o axeitado emprego do banquito ou alizador).
 - b) Coñecemento das notas sobre o diapasón.
 - c) Lectura a primeira vista.
 - d) Axeitada acción dos dedos dambas as dúas mans sobre o instrumento.
 - e) Ausencia de tensións. Control da relaxación e a respiración.
 - f) Fluidez e velocidade axeitadas.
 - g) Control da calidade do son co conxunto xema-uña.
 - h) Control dos diferentes planos sonoros.



- i) Control dos elementos métricos e do pulso na interpretación.
 - j) Coñecemento das formas musicais traballadas.
5. A interpretación das pezas propostas deberá ser estilisticamente axeitada.

6. O alumno amosará sensibilidade expresiva e musical, atendendo á:

- a) Afinación
- b) Fraseo
- c) Expresión
- d) Dinámica e Agónica
- e) Outros recursos musicais

7. Valorarase a autonomía acadada polo alumno ao longo do curso

8. Será obrigatoria a interpretación de memoria de alomenos unha peza en cada trimestre. Na interpretación de memoria valorarase tanto a axeitada interpretación do texto, como a axilidade para solucionar os problemas ante calquera error ou esquecemento.

6.6.3.2 Mínimos esixibles

Para poder ter superado o segundo curso de guitarra ca mínima cualificación posible será necesario ter acadado os seguintes contidos do curso:

- 1. Poñer de manifesto a correcta utilización das posibilidades sonoras do instrumento.
- 2. Afianzamento e desenrolo dos seguintes contidos do curso anterior:
 - Independencia de dedos na man esquerda.
 - Independencia de dedos na mano dereita.
 - Cella completa, levantada na súa parte superior ou inferior.
 - Interpretación de memoria.
- 3. Execución con autonomía e criterio dos seguintes aspectos:
 - Tímbrica: sul tasto, ponticello, pizzicato.
 - Dinámica e agónica.
 - Dixitación.
 - Articulacións: legato, picado, stacatto, ligado técnico e musical
- 4. Desenvolver a independencia de dedos de acordo cas esixencias do repertorio proposto.
- 5. Desenvolver a coordinación e sincronización entre ambas mans.



6. Empregar o oído e o aprendido en cursos anteriores para solucionar con autonomía crecente, tanto na interpretación, como nas sesións de estudo persoal, as diferentes dificultades formuladas no repertorio.
7. Coñecer as características musicais do repertorio guitarrístico nas diferentes épocas.
8. Interpretar todo o repertorio formado por seis pezas de distintas épocas e estilos amosando coherencia entre a execución e a estética da obra proposto para o curso (sendo al menos unha, interpretada de memoria).
9. Memorizar e interpretar, previo análise dos elementos formais, textos musicais do repertorio do nivel.
10. Interpretar en público, como solista, un programa axeitado o nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

6.6.3.3 Criterios de cualificación

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o Grao Profesional serán os seguintes:

Criterios técnicos	50%
Criterios estéticos	50%

Os resultados da avaliación dos alumnos de Grao Profesional, se representarán con cualificacións en termos de 1 a 10 considerándose cualificación positiva 5 o máis de 5.

6.6.3.3.1 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estea de acordo.

Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

6.6.3.3.2 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Proba obxectiva de avaliación fin de curso:

O profesor poderá pedir ó alumno que execute algún exercicio de técnica.

O alumno terá que realizar un exercicio de lectura á primeira vista.



O alumno terá que presentar un programa de catro estudos e catro obras de nivel axeitado ó curso para a súa interpretación, empregando a posición, medida, afinación e son axeitados ó seu contido, cun emprego axeitado do esforzo muscular e da respiración e amosar un dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Polo menos dúas das pezas deberán interpretarse de memoria, o profesor poderá facer unha selección das mesmas.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50%.

Recuperación durante o curso:

Ó tratarse dunha avaliación continua as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo desde xeito a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/unha alumno/a teña pendente a materia de guitarra, deberá recuperala no presente curso, pero non se comenzarán cos novos obxectivos ata que non se acaden os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen a materia ao final do terceiro trimestre poderán facelo mediante a realización dunha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño e que se levará a cabo no lugar e nas datas determinadas polo centro para tal efecto. Ditas datas e lugares serán publicadas no taboleiro de anuncios do conservatorio.

Os contidos de dita proba extraordinaria serán notificados ao alumno no seu correspondente informe negativo de avaliación xunto co boletín de notas ou enviado por Centro-Net. En calquera caso o alumno deberá amosar haber superado os elementos curriculares mínimos esixidos para o curso no que se presenta.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50%.

6.6.4 Recursos didácticos

A aula debe estar dotada de espello, cadeiras (sen pala), atrás, posapés, mesa, armario, perchas e papeleira. O centro dispón de equipo de son polo que o profesor que o necesite pode solicita-lo.

Repertorio orientativo:

2º GRAO PROFESIONAL	
ESTUDOS	
BROUWER, L.	Estudo XIV
CARCASSI, M.	25 estudos nº 8,10
COSTE, N.	Op. 38 nº 3
GIULIANI, M	<i>Le Papillon</i> Op. 51, nº 29
LESTER, B.	Estudos de cella : <i>In gentle mode</i> nº 14
SOR, F.	20 estudos, Ed. Transatlantiques : II
OBRAS	
Renacemento	
MILÁN, L.	Pavanas nº 3 e 5
MUDARRA, A.	Gallarda
NARVÁEZ, L.	Cuatro diferencias sobre guárdame las vacas
Barroco	
BACH, J.S.	Bourré BWV 996
HASSE, J.A.	Aria en Baroque Guitar Anthology de F. NOAD.
RONCALLI	Sarabanda in G en Baroque Guitar Anthology de F. NOAD.

Clasicismo-Romanticismo	
GIULIANI, M.	Sonatina Op. 71 nº 1
GIULIANI, M.	Giulianate Op. 148, I <i>La Risoluzione</i>
SOR, F.	6 pequenas piezas Op. 32
TÁRREGA, F.	Pavana
Siglo XX	
CORDERO, E.	Viñeta criolla III
LECLERQ, N.	Orange, Noir
TORROBA,	Romance de los pinos

6.7 Curso: 3º GRAO PROFESIONAL

6.7.1 Obxectivos

As ensinanzas impartidas na materia de guitarra, no curso terceiro de Grao Profesional terán como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Consolidar as capacidades adquiridas ao longo de cursos anteriores.
2. Avanzar na coordinación e sincronización entre ambas mans na execución técnica.
3. Afianzar o control, auditivo e técnico, sobre os aspectos musicais e expresivos da obra ou estudo
4. Dominar os diferentes aspectos técnicos de maneira que queden subordinados ao concepto musical
5. Interpretar as obras do repertorio proposto con fidelidade á partitura e aos criterios interpretativos de estilo.
6. Empregar os recursos propios para buscar solucións, de xeito autónomo, aos problemas derivados do repertorio a traballar.
7. Desenvolver un criterio propio e independente.
8. Afianzar o autocontrol na interpretación en público, dominando a expresividade e a concentración durante a execución.



9. Crear e manter un repertorio de pezas significativas da literatura guitarrística.
10. Abordar obras de maior extensión e dificultade que requiran maior concentración e esforzo físico.
11. Afondar no estudo histórico dos diferentes autores, épocas e estilos.
12. Integrar o análise formal como ferramenta na preparación e estudo das pezas do repertorio.

6.7.2 Contidos

1. Consolidación dos diferentes aspectos técnicos que interveñen na execución guitarrística, sen que condicionen a expresividade musical do intérprete: cellas, cambios de posición, arpexos, ligados e outros.
2. Afianzamento da independencia de dedos na man dereita nos planos sonoros e a claridade na condución das voces.
3. Estudo e análise da dixitación, tanto para a man dereita como para a esquerda, en función da condución e relevancia das voces en obras polifónicas.
4. Mellora da calidade do son: sonoridade axeitada de instrumento e intérprete, coidado das cordas, coidado das uñas, limpeza de son (pisado e traslado da mano esquerda), claridade nas voces (execución da mano dereita).
5. Iniciación á lectura de tablatura francesa.
6. Iniciación á ornamentación nas obras do período barroco.
7. Consolidación da lectura a primeira vista con dominio da dixitación e da interpretación, en obras adecuadas ao nivel.
8. Afondamento no coñecemento do repertorio da guitarra e os seus autores: investigación e recompilación de información e datos sobre aspectos históricos (instrumentos, autor, repertorio, características musicais da época).
9. Audición comparada de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das súas diferentes versións.
10. Perfeccionamento dos elementos que interveñen na expresión musical:
 - Dinámica e agóxica.
 - Articulacións: picado, stacatto, ligado técnico e musical.
 - Tímbrica: sul tasto, ponticello, pizzicato, recursos percusivos.
 - Principios estéticos das distintas épocas.
 - Dixitación.



11. Criterio propio e autonomía no emprego destes elementos.
12. Traballo continuado de mecanismos de memorización das obras.
13. Interpretación de memoria de todo ou parte do repertorio traballado.
14. Interpretación en público con autocontrol: concentración, memoria e control do corpo e o instrumento.
15. Control da respiración, adecuándoa ao fraseo, favorecendo a concentración durante a interpretación en obras de maior extensión.
16. Consolidación de hábitos de estudo correctos, con sentido de autocrítica (independencia neuronal) e constancia no traballo.
17. Desenrolo do análise formal das obras, incidindo no fraseo musical e na calidade interpretativa.

Traballarase unha selección de pezas escollidas dentre os libros que figuran no listado orientativo do Repertorio (6.7.5. “Recursos Didácticos”).

A continuación, unha posible secuenciación:

1º. Trimestre	2º Trimestre	3º. Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> ● 1 estudos ● 2 obras: unha renacentista e unha clásico-romántica. 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 estudos ● 2 obras: unha barroca e outra contemporánea 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2 estudos

6.7.3 Avaliación

A finalidade da avaliación é a de valorar o nivel de desenvolvemento das capacidades de expresión artística e musical, ademais de garantir a axeitada cualificación destas ensinanzas, polo que valoraremos o “desenvolvemento das capacidades” tendo en conta todos os factores que caractericen ao alumno e garantir así a axeitada cualificación.

Haberá unha avaliación inicial, a coincidir ca/s primeira/s clases, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe e unha avaliación final en xuño na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso

O nivel de cumprimento destes elementos curriculares non se medirá de xeito mecánico, senón, flexible, tendo moi en conta as características persoais do alumno como a idade, estudos, aspiracións, aptitudes ou situación persoal. A información que suministra a avaliación



debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica polo que debe levarse a cabo de xeito continuo e personalizado, aportándolles información ao alumno e a súa familia, sobre o desenvolvemento respecto das súas posibilidades. É aquí onde o Plan de Atención á Diversidade toma un papel moi destacado, xa que deberemos actuar tanto cando o progreso non sexa o axeitado, -adoptando as medidas oportunas dirixidas a garantir a adquisición de aprendizaxes imprescindibles para favorecer a consecución dos obxectivos de cada curso-, como cando o progreso sexa superior ao esperado, tomando medidas para que o alumno continúe ampliando coñecementos e non se desmotive o que supón non evolucionar.

A avaliación do aprendizaxe do alumno, que será continua e integradora, será realizada polo equipo docente do alumno coordinado polo profesor-titor. Ditos profesores actuarán de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación para tomar decisións que deberán ser coñecidas en todo momento tanto polo alumno como pola súa familia.

6.7.3.1 Criterios de avaliación

Ademais dos criterios de avaliación enunciados nos correspondentes decretos arriba citados polos que se establece o currículo das Ensinanzas Elementais e Profesionais de Música, se terán en conta os seguintes criterios:

1. O alumno deberá interpretar, na súa totalidade, un repertorio de pezas representativas da literatura guitarrística, con fluidez e seguridade.
2. O alumno deberá tocar:
 - * Co adecuado control técnico, musical e expresivo, subordinando os aspectos técnicos aos musicais.
 - * Co necesario autocontrol e concentración durante a interpretación en público.
3. O alumno deberá demostrar ao longo do curso:
 - * Autonomía no estudio, buscando solucións ou alternativas ás propostas do profesor.
 - * Criterio propio en canto á dicitación e á idea musical ou forma de entender a obra.
4. O alumno deberá demostrar coñecemento histórico dos autores, épocas traballados durante el curso.
5. Valorarase a capacidade do alumno de adecuarse ao indicado e traballado semanalmente co profesor.



6.7.3.2 Mínimos esixibles

Para poder ter superado o terceiro curso de grao profesional de guitarra ca mínima cualificación posible será necesario ter acadado os seguintes contidos do curso:

1. Poñer de manifesto a correcta utilización das posibilidades sonoras do instrumento e do intérprete, coidado das cordas, coidado das uñas, limpeza de son (pisado e traslado da man esquerda), claridade nas voces (execución da man dereita).
2. Control na interpretación dos elementos que interveñen na expresión musical:
 - * Dinámica e agónica.
 - * Articulacións: picado, stacatto, ligado técnico e musical.
 - * Tímbrica: sul tasto, ponticello, pizzicato, recursos percusivos.
 - * Principios estéticos das distintas épocas.
3. Axeitado control en función da condución e relevancia das voces en obras polifónicas
4. Empregar o oído e o aprendido en cursos anteriores para solucionar con autonomía crecente, tanto na interpretación como nas sesións de estudo persoal, as diferentes dificultades formuladas no repertorio.
5. Traballo de investigación: coñecer as características históricas e musicais do repertorio guitarrístico na época a traballar.
6. Memorizar e interpretar, previo análise dos elementos formais, textos musicais do repertorio do nivel.
7. Interpretar todo o repertorio formado por seis pezas de distintas épocas e estilos amosando coherencia entre a execución e a estética da obra proposta para o curso.
8. Interpretar en público, con concentración, memoria e control do corpo e o instrumento (autocontrol), como solista, un programa axeitado ao nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

6.7.3.3 Criterios de cualificación

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o Grao Profesional serán os seguintes:

Criterios técnicos	50%
Criterios estéticos	50%

Os resultados da avaliación dos alumnos de Grao Profesional, se representarán con cualificacións en termos de 1 a 10 considerándose cualificación positiva 5 o máis de 5.



6.7.3.3.1 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estea de acordo.

Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

6.7.3.3.2 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Proba obxectiva de avaliación fin de curso:

O profesor poderá pedir ó alumno que execute algún exercicio de técnica.

O alumno terá que realizar un exercicio de lectura a primeira vista.

O alumno terá que presentar un programa de catro estudos e catro obras de nivel axeitado ó curso para a súa interpretación, empregando a posición, medida, afinación e son axeitados ó seu contido, cun emprego axeitado do esforzo muscular e da respiración e amosar un dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Polo menos dúas das pezas deberán interpretarse de memoria, o profesor poderá facer unha selección das mesmas.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50%.

Recuperación durante o curso:

Ó tratarse dunha avaliación continua as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo desde xeito a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/unha alumno/a teña pendente a materia de guitarra, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se acaden os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen a materia ao final do terceiro trimestre poderán facelo mediante a realización dunha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño e que se levará a cabo no lugar e nas datas determinadas polo centro para tal efecto. Ditas datas e lugares serán publicadas no taboleiro de anuncios do conservatorio.

Os contidos de dita proba extraordinaria serán notificados ao alumno no seu correspondente informe negativo de avaliación xunto co boletín de notas ou enviado por Centro-Net. En calquera caso o alumno deberá amosar haber superado os elementos curriculares mínimos esixidos para o curso no que se presenta.

A nota será calculada atendendo aos distintos criterios de avaliación e seguindo as seguintes porcentaxes:

- Criterios técnicos: 50%.
- Criterios estéticos: 50% .

6.7.4 Recursos didácticos

A aula debe estar dotada de espello, cadeiras (sen pala), atrás, posapés, mesa, armario, perchas e papeleira. O centro dispón de equipo de son polo que o profesor que o necesite pode solicita-lo.

Repertorio orientativo:

3º GRAO PROFESIONAL	
ESTUDOS	
BROUWER, L.	Estudio XIII e XVI
CARCASSI, M.	25 estudos nº 5, 9, 12, 16, 18
COSTE, N.	25 estudos Op. 38, nº 7
DOGSON, S.-QUINE,H.	Estudio nº 1
LESTER, B.	Estudio de arpeggio: <i>closing circle</i> nº 10
SOR, F.	30 estudos, nº 13
OBRAS	



Renacemento	
DOWLAND, J.	Gallarda melancólica
MILÁN, L.de	Fantasia VIII
NARVÁEZ, L. de	Canción del Emperador
Barroco	
BACH, J.S	Allemande BWV 996
BACH, J.S	Gavota BWV 995
RONCALLI, L.	Suite en Sol M: gavotta
SANZ, G.	Folías
Clasicismo-Romanticismo	
GIULIANI, M.	Giulianate Op. 148, II <i>Lo Scherzo</i>
MERTZ, J.K.	Nocturnos Op. 4 (válidos por separado)
TÁRREGA, F.	Vals
TÁRREGA, F.	Sueño
Siglo XX	
BROUWER, L.	Canción de cuna
CORDERO, E.	El jardín de los lagartos
LLOBET, M.	El testamento de Amelia
VILLA-LOBOS, H.	Preludio nº 3

6.8 Curso: 4º GRAO PROFESIONAL

6.8.1 Obxectivos

As ensinanzas impartidas na materia de Guitarra, no curso cuarto de Grao Profesional terán como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:



1. Consolidar as capacidades adquiridas ao longo de cursos anteriores.
2. Avanzar na coordinación e sincronización entre ambas mans na execución técnica.
3. Afianzar o control, auditivo e técnico, sobre os aspectos musicais e expresivos da obra ou estudo.
4. Dominar os diferentes aspectos técnicos de maneira que queden subordinados ao concepto musical
5. Interpretar as obras do repertorio proposto con fidelidade á partitura e aos criterios interpretativos de estilo
6. Empregar os recursos propios para buscar solucións, de xeito autónomo, aos problemas derivados do repertorio a traballar.
7. Desenvolver un criterio musical propio e independente.
8. Afianzar o autocontrol na interpretación en público, dominando a expresividade e a concentración durante a execución.
9. Crear e manter un repertorio de pezas significativas da literatura guitarrística.
10. Abordar obras de maior extensión e dificultade que requiran maior concentración e esforzo físico.
11. Afondar no estudo histórico dos diferentes autores, épocas e estilos.
12. Integrar o análise formal como ferramenta na preparación e estudo das pezas do repertorio.

6.8.2 Contidos

1. Consolidación dos diferentes aspectos técnicos que interveñen na execución guitarrística, sen que condicionen a expresividade musical do intérprete: cellas, cambios de posición, arpejos, ligados e outros.
2. Afianzamento da independencia de dedos na man dereita nos planos sonoros e a claridade na condución das voces.
3. Estudo e análise da dixitación, tanto para a man dereita como para a esquerda, en función da condución e relevancia das voces en obras polifónicas.
4. Mellora da calidade do son: sonoridade axeitada de instrumento e intérprete, coidado das cordas, coidado das uñas, limpeza de son (pisado e traslado da mano esquerda), claridade nas voces (execución da mano dereita).
5. Iniciación á lectura de tablatura francesa.
6. Iniciación á ornamentación nas obras do período barroco.



7. Consolidación da lectura a primeira vista con dominio da dixitación e da interpretación, en obras adecuadas ao nivel.
8. Afondamento no coñecemento do repertorio da guitarra e os seus autores: investigación e recompilación de información e datos sobre aspectos históricos (instrumentos, autor, repertorio, características musicais da época).
9. Audición comparada de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das súas diferentes versións.
10. Perfeccionamento dos elementos que interveñen na expresión musical:
 - Dinámica e agónica.
 - Articulacións: picado, stacatto, ligado técnico e musical.
 - Tímbica: sul tasto, ponticello, pizzicato, recursos percusivos.
 - Principios estéticos das distintas épocas.
 - Dixitación.
11. Criterio propio e autonomía no emprego destes elementos.
12. Traballo continuado de mecanismos de memorización das obras.
13. Interpretación de memoria de todo ou parte do repertorio traballado.
14. Interpretación en público con autocontrol: concentración, memoria e control do corpo e o instrumento.
15. Control da respiración, adecuándoa ao fraseo, favorecendo a concentración durante a interpretación en obras de maior extensión.
16. Consolidación de hábitos de estudo correctos, con sentido de autocrítica (independencia neuronal) e constancia no traballo.
17. Desenrolo da análise formal das obras, incidindo no fraseo musical e na calidade interpretativa.

Traballarase unha selección de pezas escollidas dentre os libros que figuran no listado orientativo do Repertorio (6.8.5. “Recursos Didácticos”).

A continuación, unha posible secuenciación:

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> ● 1 estudos ● 2 obras: unha renacentista e unha 	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 estudos ● 2 obras: unha barroca e outra 	<ul style="list-style-type: none"> ● 2 estudos



